

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION ORDINARIA DE 26 DE XANEIRO DE 2004

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	
Alonso Vázquez, Xulio	Iglesias Carrera, José Manuel
Arias Moreira, José Carlos	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Barros Punte, Miguel	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Calviño Rodríguez, Julio	Méndez Piñeiro, María José
Coello Bufill, Antonio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Comesaña Abalde, Carlos	Pérez Castrillo, Lois
Couto Pérez, José Manuel	Pérez Mariño, Ventura
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Polo Lima, María Soledad
Fernández Davila, María Olaia	Porteiro García, María Josefa
Fernández Fernández, Amador	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Figueroa Vila, José Manuel	Sío Lourido, Belén
Graña Barcia, María Luisa	Soto Ferreiro, Manoel
Guerra Fernández, Javier Jorge	Toba Girón, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día vinteseis de xaneiro do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Punte, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo (con retraso), Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (17).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS 27 E 29.11.03 E 04.12.03)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as correspondentes ás sesións extraordinarias e urxentes do 27 e 29 de novembro e do 4 de decembro de 2003.

2.- (18).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 20.01.04 DE NOMEAMENTO DO PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTROL DA CONTRATACIÓN.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 20 de xaneiro de 2004 a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"O Concello Pleno na súa sesión de data 29 de decembro adoptou acordo de creación e composición das Comisións Informativas Permanentes.

En uso da facultade prevista no art. 125.a) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e tra-la correspondente elección efectuada, na sesión de 19.01.04, propúxose a esta Alcaldía a delegación da Presidencia efectiva da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTROL DA CONTRATACIÓN no Concelleiro D. Xulio Alonso Vázquez.

En virtude do exposto, de conformidade coa proposta efectuada e no uso das facultades que teño legalmente conferidas resolvo:

Primeiro.- Nomear Presidente-Delegado da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTROL DA CONTRATACIÓN ó membro da mesma, D. Xulio Alonso Vázquez.

Segundo.- A delegación que se efectúa terá efectos dende o día seguinte á data na que se notifique esta Resolución e será de carácter indefinido sen prexuízo da potestade desta Alcaldía de presidi-las sesións que poidan convocarse na súa condición de Presidente nato de todas elas.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ó Pleno do Concello na primeira sesión que este órgano realice.

Cuarto.- Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia."

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

Neste intre se incorpora á sesión o concelleiro Sr. Pérez Castrillo.

3.- (19).- PRESENTACIÓN DO NOVO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007

ANTECEDENTES.- O xefe do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, coa conformidade da concelleira-delegada, por escrito de data 15 de xaneiro de 2004 informa do seguinte:

"Seguindo instrucións da Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, os servicios técnicos municipais realizaron o traballo de adaptar os contidos do documento incluído no expediente 2092/077 "Plan municipal de emprego 04-07" ás prioridades e directrices do novo goberno municipal xurdido do Pleno do 13 de decembro de 2003. Estas directrices incluían, entre outras cuestións, a conveniencia de, respectando o corpo central do anterior Plan, renovar certos programas, establecer prioridades por colectivos (tentando adecuar as porcentaxes de participación de cada un deles ás que en cada momento reflecta a estrutura do desemprego do termo municipal), así como de distribuír os esforzos de actuación entre os distritos establecidos polo propio goberno municipal.

O presente documento quere completar a tramitación administrativa desta iniciativa do Goberno municipal de Vigo: poñer en marcha un novo Plan municipal de emprego de carácter plurianual, que volva servir de referente do conxunto de actividades que esta administración local realiza na loita contra o desemprego e a prol do desenvolvemento socioeconómico sustentable da cidade. O anterior Plan, vixente no período 2000-2003, aprobouse no seu día por unanimidade por todos os grupos políticos presentes na Corporación, feito que lle outorgou, daquela, un significativo carácter institucional á iniciativa do goberno municipal.

Así, o novo Plan municipal de emprego 2004-2007 recolle e ordena accións que na actualidade xa se están a desenvolver polo Concello de Vigo en colaboración con outras administracións (orientación laboral, formación ocupacional, programas de formación-emprego, fomento de autoemprego, etc), e as potencia a través da consolidación e posta en marcha de novas ferramentas de financiamento municipal. O documento "Plan municipal de emprego 2004-2007", que se achega no expediente, define e desenvolve as súas principais ferramentas, propón obxectivos cuantitativos e enmarca programas doutras administracións. Trata, en definitiva, de avanzar na integración das accións de fomento do emprego, cuestión que probablemente só no ámbito local pode chegar a concretarse. Así mesmo, no apartado de implementación do Plan, o texto indica os criterios transversais para a aplicación dos proxectos e programas descritos, que necesariamente se terán tamén en conta no deseño de novas iniciativas: a igualdade de oportunidades, a sensibilización ambiental e o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación.

Como unha das partes máis singulares do Plan, as Brigadas de Inserción e Actuación Local (BIAL), de financiamento municipal e incluídas dentro dos *Programas de contratación para a inserción*, permitirán que un número significativo de persoas desempregadas adquiran hábitos laborais, experiencia e un salario digno e, por outra banda, que determinadas necesidades municipais de actuación en espazos públicos sexan cubertas, complementando os recursos postos a disposición neste sentido anualmente a través dos Programas de cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo. Tamén a aposta pola construción e constitución do Centro municipal de promoción económica (Cempe), concibido como referente das actividades municipais de formación para o emprego (centro de formación) e de apoio a novas iniciativas empresariais (viveiro ou incubadora de empresas) será outro dos aspectos singulares da aportación municipal.

Desde o punto de vista financeiro, e tendo en conta que a execución dos programas tal e como se indica no documento marco do Plan, estará condicionado pola disposición de financiamento que establezan os correspondentes orzamentos anuais do Concello, as cifras do ano 2003 (prorrogadas no presente ano) e tal e como se indica no programa funcional 3220, son as seguintes (índicanse só as partidas máis importantes):

Denominación da partida	Capítulo	Importe (€)
Contratacións fomento do emprego	1	1.346.802,24
Seguridade social contratacións fomento do emprego	1	382.042,53
Gastos correntes en prog. de emprego (*)	2 (varias partidas)	117.616,46
Programa de axudas á inserción laboral	4	258.435,21
Equipamento programas de formación-emprego (**)	6 (varias partidas)	60.000,00

(*) Material cursos de formación ocupacional, vestiario programas de emprego, gastos en programas de emprego, subministros cursos de formación ocupacional, seguros cursos de formación ocupacional, información e difusión programas de emprego, estudos e traballos técnicos, accións desenvolvemento local e asistencia técnicas cursos de formación ocupacional.

(**) Maquinaria programas de emprego, mobiliario programas de emprego e equipos informáticos programas de emprego.

Por último, cómpre sinalar que é vontade do goberno municipal acadar o maior consenso posible na formulación das súas políticas de emprego, polo que o presente Plan, paralelamente á súa tramitación municipal, será obxecto de información e contraste cos axentes sociais máis directamente implicados na temática do emprego, nomeadamente coas principais organizacións sindicais (UXT, CIG e CC.00) e empresariais (CEP)."

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co documento que se inclúe no expediente dilixenciado en todas as súas follas por esta Secretaría Xeral, o funcionario informante fai a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do 19 de xaneiro de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Hoxe presentamos para a súa aprobación en Pleno o marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007 coma un marco global onde se recollen todos os servizos e programas que materia de emprego se pretenden realizar nos vindeiros anos na nosa cidade.

O emprego como dereito constitucional recoñecido, é un dereito de todas as persoas e por iso é preciso que dende as distintas administracións poñamos en marcha medidas tendentes ó acadamento do pleno emprego.

É necesario coordinar os esforzos de todas as Administracións de xeito que estas non se solapen, así no desenvolvemento do plan se incorporan programas europeos, do estado autonómico e complementariamente un programa local propio.

Neste novo marco para o emprego 2004-2007 preténdese dar resposta a un dos principais problemas dos cidadáns vigueses como é o desemprego. Por esa gran transcendencia para os cidadáns cremos que este debe ser un plan aprobado por consenso, un plan da Corporación Municipal. Con esa pretensión elaborámolo, mantendo no mesmo os programas máis exitosos do plan anterior, á vez que se redeseñaron outros que cremos que se podían mellorar cun claro obxectivo de superación.

Así pretendemos presentar un plan ambicioso e flexible que nos permita traballar para acadar o pleno emprego. Este plan pretende ser un referente na necesaria coordinación entre todos os axentes adicados á loita contra o desemprego. Configúrase como un proxecto aberto, con vocación de ter unha profunda incidencia entre os desempregados da cidade, especialmente entre os colectivos con máis dificultades de inserción.

Imos basear este plan de emprego en catro pilares. Un: a concertación, a necesidade de actuación coordinada de todos os axentes sociais e económicos, impulsando actuacións conxuntas e coordinando as accións que se realizan autonomamente. Dous: acción unitaria implicando a todas as áreas de xestión municipais pensando e actuando en clave de emprego de toda a acción municipal. Tres: eficacia, reducindo obxectivamente as cifras de desemprego en valores absolutos e relativos; en materia de emprego é necesario facer fincapé nos resultados. Cuarto: eficiencia, maximizando os

recursos económicos procedentes doutras administracións, en especial de fondos europeos.

O principal obxectivo do plan é favorecer a inserción laboral dos colectivos con maior dificultade de acceso ó mundo laboral. Os nosos obxectivos son dar unha resposta neste plan alomenos ó 3% das persoas con discapacidade física ou mental, ás mulleres vítimas de malos tratos, en concreto á totalidade das mulleres que ó longo do ano ingresaran na casa de acollida xestionada no ámbito municipal; ós menores de vintecinco anos, ós maiores de 45 e ós parados de longa duración nas porcentaxes que se establezan cada ano segundo a estrutura do paro na nosa cidade.

Para isto centrarémonos en dous grandes ámbitos de actuación: a promoción do autoemprego e a promoción do emprego por conta allea. En canto ó primeiro ámbito trataremos dúas liñas, un servizo de asesoramento a emprendedores e programas de apoio á creación de empresas. Dentro destes programas destacaremos as axudas municipais á creación de empresas, que xa se viña facendo no anterior, así como os proxectos empresariais de interese municipal; incorporamos outros novos como pode ser o fondo municipal de emprendedores, un programa específico de comercio e a incubadora municipal de empresas.

En canto ós programas de promoción de emprego tamén se potenciará o servizo de orientación laboral que proporcionará información, apoio e asesoramento nos procesos de busca de emprego e diversos programas: de formación e emprego a través das escolas obradoiro, os obradoiros de emprego e o noso obxectivo cada ano ter dous ou tres escolas e obradoiros. Cursos de formación ocupacional e utilización da subvención global do Fondo Social Europeo co proxecto Alicerce que inicialmente está solicitado. Este proxecto tentará de abranguir a mediación intercultural, ocio, tempo libre e tamén tratar adicións.

Outro ámbito de programas a incluír son os programas de contratación para a inserción nos que se inclúen programas de cooperación Xunta-Concello, programa Labora centrado fundamentalmente nos xóves, e o programa específico municipal "Bial", brigadas de inserción e acción local.

Outro ámbito son os programas de apoio á inserción laboral nos que se atopan axudas municipais á contratación, formación en empresas con compromiso de contratación e accións de acompañamento á inserción.

Hai outro apartado de programas relativos ó emprego con participación municipal como son a iniciativa comunitaria "Iqual", convenios de

colaboración co Secretariado Xitano e todos aqueles que se vaian incorporando ó longo da vida do programa.

Tamén dentro do programa hai que salientar que se realizan e establecen no seu propio marco diversas políticas transversais nos distintos departamentos, entre os que me gustaría destacar a igualdade de oportunidades, mesmo seguindo as directrices que se establecían no segundo plan municipal para a igualdade de oportunidades e de trato ás mulleres de Vigo 2003-2004, revitalizar a comisión técnica do emprego na que están presentes diversos departamento municipais de distintas concellerías porque é fundamental estar todos coordinados en materia de emprego.

Tamén outro mecanismo de coordinación dirixido ós distintos grupos de traballo e programas nos que participan técnicos de orientación laboral de diversos programas nos que se pretende, a través desa coordinación, que os empresarios teñan un único interlocutor ou se isto non é viable, alomenos que as interlocucións que haxa coas empresas estean coordinadas de xeito que saiban en cada momento, as distintas persoas que traballan no ámbito municipal en materia de emprego, a qué empresa se dirixen, con qué obxectivos e que haxa unha importante coordinación.

En materia de emprego cremos que é fundamental que todos os axentes sociais, económicos e as distintas administracións esteamos coordinados. Por tanto o obxectivo deste plan é fundamentalmente a coordinación entre os distintos programas. O marco inclúe os distintos programas da Xunta de Galicia que é quen ten competencia en materia municipal, da Administración do Estado e tamén as financiación que hai coa Administración Europea. Complementando todo isto seguimos a apostar pola iniciativa que se fixera xa no plan anterior de establecer un programa municipal propio.

Para a elaboración deste plan tentamos consensualo cos axentes sociais, con sindicatos, xuntámonos cos representantes comarcais dos distintos sindicatos, expuxémolo ós distintos grupos antes de o levar a Comisión, a Confederación de Empresarios, posto que ó final se queremos mellorar o emprego son un interlocutor necesario e, de se aprobar hoxe en Pleno, tamén manteremos contactos con Cámara de Comercio, IGAPE, de xeito que neste plan de emprego estean recollidos todos os esforzos das distintas administracións e institucións co fin de non solapar esforzos, senón duplicalos.

SR. SOTO FERREIRO: Quero dicirlle que estou de acordo co Plan de Emprego que se presenta pero que...

Neste momento prodúcese unha interrupción por intervencións do público asistente no salón de Plenos.

SRA. ALCALDESA: Por favor, escóitenme un momento, a primeira visita que eu fixen sendo alcaldesa foi precisamente para tentar solucionar o problema da depuradora. Unha vez aberta esa vía de diálogo que mantivemos a través do concelleiro responsable, tivemos distintos encontros cos distintos responsables das distintas institucións que teñen algo que dicir. Nestes momentos estase elaborando un proxecto e vostedes teñen coñecemento. Vostedes non poden interromper un Pleno. Logo e rematado o Pleno atendereinos eu persoalmente. Vostedes non só os mesmos, terán que buscar os interlocutores oficiais, non interrompan. Estoulles a dicir que os atendo logo, rematado o Pleno.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Molares, poñamos os focos sobre o seu Plan de Emprego que coido que é interesante.

Toda obra humana é mellorable e ese Plan tamén pero realmente a min paréceme un moi bo instrumento para traballar e polo tanto ímoslle prestar a nosa aprobación.

Déixeme poñerlle só unha chata que é para o futuro: vostede ten técnicos capacitados e suficientes para que lle fagan os documentos en galego; a próxima vez gustaríame escoitalle ese documento en galego. Moitas gracias.

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Sra. Presidenta, queredamos intervir para posicionarnos a respecto do Plan de Emprego 2004-2007 que se presenta hoxe. En primeiro lugar dicir que somos perfectamente conscientes da situación de desemprego e sobre todo de precariedade laboral que se está a dar na nosa cidade do mesmo xeito que no noso país, sobre todo nos tramos de idade onde a maioría aínda non tiveron o primeiro emprego. Debido a isto sabemos que non se pode xamais pensar que os esforzos para as políticas de fomento de emprego son suficientes. De todos os xeitos pensamos que é xusto dicir, á vista da Memoria do Plan de Emprego 2003, que efectivamente dende o Concello de Vigo fíxose un importante esforzo para a promoción do emprego tanto no que é a parte de formación coma na propia de fomento do emprego.

Nese sentido consideramos apropiado aprobar hoxe este Plan porque realmente mantén os criterios do anterior, mantén programas que efectivamente funcionaron como puidemos comprobar no transcurso do tempo e que se reflecten na Memoria á que facía eu referencia anteriormente e mesmo efectivamente hai algunhas cuestións novedosas que entendemos que poden ser interesantes. Cuestións novedosas que tamén entendemos que, dado que son novedosas por unha banda e pola outra tamén houbo aspectos no Pleno anterior que así o recomendaban, que no próximo orzamento se fai precisa unha implementación orzamentaria para poder desenvolver o Plan que hoxe se presenta nas debidas condicións ou cando menos que cumpra os obxectivos que presenta.

Neste sentido dicir tamén que esa valoración positiva que facemos do esforzo do Concello de Vigo nos últimos catro anos no que atinxe á promoción de emprego, non a podemos facer a respecto da Xunta de Galicia que é a administración que ten competencias nesta materia e que con este Concello consideramos que non foi precisamente responsable, por definilo dun xeito suave, pola falla de implicación que a Xunta de Galicia tivo mesmo co Plan de Emprego que venceu a finais do ano pasado.

Entendemos polo tanto que tamén dende o Goberno municipal se fai preciso para este Plan de Emprego, que coido que hoxe imos aprobar aquí, negociar e tratar de acadar que a Xunta de Galicia teña unha maior implicación co propio Plan dado que moitos dos programas que o Plan contempla teñen que seren realizados pola Administración autonómica, tales como os talleres de emprego, as escolas obradoiro, etc., e ata agora dende logo que a Xunta de Galicia non o fixo así.

Valoramos tamén positivo algo que se contempla neste Plan e que anteriormente pensabamos que era unha eiva que existía: a coordinación dos diferentes departamentos deste Concello que teñen competencias en materia de emprego e fundamentalmente o que sería a coordinación do Plan de Emprego co Plan de Inserción Laboral que se leva a cabo a través da Concellería de Benestar Social. Polo tanto é unha cuestión que pensamos é fundamental para que o Concello se implique nese programa de inserción laboral que entendemos que ten moita importancia para a nosa cidade.

Polo tanto o noso apoio a este Plan de Emprego e nada máis, gracias.

SRA. SIO LOURIDO: Nós en primeiro lugar imos anunciar o noso voto a favor do Plan de Emprego 2004-2007 por considerar que o emprego é unha cuestión

de suficiente importancia para a nosa cidade como para aprobala co consenso de todos os Grupos municipais como así o dixemos na Comisión Informativa anterior ó Pleno.

De todos os xeitos gustaríanos puntualizar algunhas cuestións: primeira, este Plan Municipal non xurde da nada, ten o seu precedente nun Plan anterior que foi o 200-2003 que supuxo un esforzo importante do Goberno desta cidade, esforzo que non se producira anteriormente cun Goberno do PP e que nos congratulamos que vostedes sigan traballando nesta liña.

Dende logo que nese Plan 2000-2003 había cuestións mellorables e de feito fíxose unha avaliación e non xurdíu este Plan 2004-2007 da nada, seguíronse as liñas que propoñía a súa avaliación e a súa Memoria. É un marco de actuación, como vostede ben dixo, e quérolle facer un inciso: sigo pensando, como lle dixen na reunión que tivemos, que a estrutura do Plan é mellorable pero ós poucos o miraremos cando se desenvolvan as accións específicas, iremos discutindo para veren como se plasman realmente nos programas as accións e os servizos.

Como tamén dixo a Sra. Fernández, esperamos que vostedes acaden diante da Administración da Xunta de Galicia todas as axudas e subvencións que non se acadaron noutro tempo. Como xa vemos nos seus constantes anuncios de investimentos, coidamos que o emprego tamén é algo importante coma as escolas talleres, obradoiros, etc., para que a Xunta apoie á cidade máis grande de Galicia.

Si teñen que facer vostedes un esforzo presupostario se queren acadar todos os obxectivos que se propoñen dentro deste Plan. Pola nosa banda esperamos que o acade e que o seu desenvolvemento sexa o efectivo que propuxo vostede ó comezar a súa intervención.

SRA. MOLARES PÉREZ: En primeiro lugar quereda agradecer este apoio que recibe o Plan Municipal de Emprego 2004-2007 por todos os Grupos porque, como xa dicía na miña exposición, é a miña intención que este Plan Municipal de Emprego, que é un instrumento flexible, aberto, se desenvolva coa coa colaboración de todos os Grupos municipais. Xa na propia exposición falaba de acadar ese Plan Municipal da Corporación que non do Goberno do Partido Popular.

De todos os xeitos quero dicir que aínda que se continua ese marco establecido no mandato anterior 2000-2003 tentamos superalo, mellorando os programas que estaban establecidos, mesmo tendo en conta, como non podía

ser doutro xeito, a avaliación do propio programa e tamén achegando os programas que dentro do propio programa do Partido Popular tiñamos establecido.

Por tanto eu teño a ilusión de acadar que se desenvolva e que ó final do mandato tiñamos acadado cumprir cos obxectivos deste Plan.

En canto ás intervercións, gustaríame clarexar que é imprescindible que a Xunta de Galicia, que é a competente en materia de emprego, apoie este Plan e para iso xa me reunín co Director Xeral de Promoción do Emprego, así como co Delegado Provincial para llo expoñer persoalmente e tentar que colaboren do maior xeito posible co financiamento e co seu apoio a este Plan, posto que traballar dende o ámbito municipal, onde as competencias en materia de emprego non son moi elevadas, son reducidas, non ten moito sentido non ter en conta as liñas estratéxicas que seguen na Comunidade Autónoma.

Nestes momentos e en canto ós obradoiros temos unha escola-obradoiro en marcha: "Vigo ó mar" e proposta outra: "Vigo-zoo" e o meu obxectivo é que este obradoiro sexa aprobado na próxima reunión que manteñan na Xunta de Galicia. O meu compromiso é, como dicía xa na exposición, que haxa un par de escolas obradoiro e un par de obradoiros de emprego, presentados por parte deste Concello na Administración autonómica para que se poidan aprobar.

Así mesmo a miña intención é recuperar os niveis de colaboración nos programas de cooperación Xunta-Concello que había no ano 1999-2000 ampliándoo de xeito considerable; tamén participar dun xeito máis activo no programa "Labora" xa que somos un dos concellos que menos participación ten dese programa da Xunta de Galicia. Todo isto complementándoo co propio programa de financiamento municipal que se denomina "Bial".

Sen esquecer tampouco a suxestión do Sr. Soto de utilizar ós técnicos para que me redacten os documentos en galego, dicirlle que os prefiro facer eu, que tamén me considero ademais de política unha técnica, e farei o esforzo de falar en galego. Moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Molares, moitas gracias pola súa sensibilidade e pola súa axilidade con respecto ó galego. Moitas gracias.

(No momento da votación está ausente o Sr. Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar o novo "Plan municipal de emprego 2004-2007", elaborado pola Concellería de Desenvolvemento Localo e Emprego, como documento marco de referencia das políticas activas de emprego do Concello de Vigo para ese período. O devandito documento figura no expediente foliado e dilixenciado en cada unha das súas follas por esta Secretaría.

Segundo.- Asumir as obrigas económicas que ó Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do Plan, mediante a dotación, nos orzamentos municipais de cada ano, das correspondentes partidas en contía igual ou superior á establecida no orzamento municipal do ano 2003, na procura de se achegar ós obxectivos que no propio Plan se establecen.

4.- (20).- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO PARA AS FESTAS DO CRISTO DE BOUZAS.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de decembro de 2003, a coordinadora de Turismo e Comercio, coa conformidade da concelleira delegada, emite o seguinte informe:

"En virtude de solicitude formulada pola Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos, fórmase diante desta administración o inicio do expediente administrativo para proceder á solicitude diante da Xunta de Galicia da declaración de Festa Galega de Interese Turístico para as Festas do Cristo de Bouzas.

O Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, publicado no DOG de data 20 de febreiro, regula no seu capítulo III a "Declaración de festas de Galicia de Interese Turístico", facendo mención expresa a que "a Xunta de Galicia poderá instituir e declarar como festas de Galicia de Interese Turístico aquelas manifestacións ou acontecementos de carácter festivo que supoñan unha valoración da cultura e das tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico".

Neste sentido, o Decreto esixe o cumprimento dunha serie de requisitos, que entende esta Concellería se cumpren máis que dabondo no caso das Festas de Bouzas. A continuación realizarase unha pormenorizada análise do cumprimento de cada un dos extremos contados no devandito Decreto.

1. Antigüidade. Segundo expresa o Decreto, as manifestacións ou acontecementos para os que se solicita a declaración deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de dez anos.

Neste sentido hai que decir que a antigüidade das festas de Bouzas se remonta, cando menos, ó ano 1605, data na que existen as primeiras manifestacións documentais. Así no antigo libro de actas do extinguido Concello de Bouzas consta que en 1605 Dona Mariana de Austria, esposa do Rei Felipe III, deu a luz a un varón que posteriormente sería o comarca Felipe IV. A noticia deste alumamento chegou ó bispo de Tui, D. Francisco Terrones del Caño, quen se atopada na vila de Bouzas en visita pastoral. Transmítiuse a boa nova ó xuíz ordinario e máis ó cura párroco e se decidiu a celebración dunha festa para honrar ó recén nacido. Organizouse un Te Deum e unha Misa Solemne e unha procesión, na que participou -e sigue a participar a día de hoxe- a Corporación Municipal. Contratáronse un gran número de arcabuces para que disparasen dende as embarcacións e varias barricadas de alquitrán para queimar e bailouse a tradicional Danza das Espadas. Segundo os cronistas oficiais da cidade, os disparos dos arcabuces e a queima de alquitrán a principios do século XVII, son o precedente dos hoxendía famosos fogos de Bouzas, que forman parte importante destas festas.

Para acreditar estes datos históricos que proban sobradamente a antigüidade da festa, achéganse no expediente os seguintes documentos:

- a) Documento 1: Extracto del libro "Bouzas, Historia de una Villa", de D. Justo Fernández Fandiño, donde se acredita a celebración da misa solemne e a festa a partir de 1608.
- b) Documento 2: Relevos na Confraría de "Nuestra Señora de los Remedios", que é substituída no ano 1858 pola Sociedade do Gremio do Mar. A nova Irmandade toma como patrona tamén a María Santísima, no Misterio da Inmaculada Concepción.
- c) Documento 3: Carta da mesma data onde se reflicte o que se podería considerar o primeiro programa das festas de Bouzas (1861).
- d) Documento 4: copia do libro de festas de 1950, onde se fala do programa de festas do ano 1861.
- e) Documento 5: Copia do número 28 da Revista "La Ilustración Gallega y Asturiana" do ano 1879, dirixida polo ilustre Manuel Murguía, da que era administrador D. Luis Tabeada, onde aparece unha composición poética adicada á "Romaría da Vila de Bouzas", da que é autor D. José Posada Pereyra.
- f) Documentos 7, 8 e 9: copia dos traballos de investigación realizados por D. Jose Espinosa de los Monteros, D. Lalo Vázquez Gil (Cronista Oficial da cidade) e D. José Carlos Espinosa, onde se documenta a efeméride no ano 1605.
- g) Documento 13: Dossier de prensa das festas dende o ano 1953 ata a actualidade.

2. Singularidade. O decreto da Consellería de Cultura estima que as festas que soliciten esta declaración deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades.

Neste sentido, a Concellería de Turismo e Comercio considera que existen elementos sobrados que acreditan esta singularidade e que tamén se conteñen no expediente.

Por unha parte, a singularidade ven determinada pola celebración dun feito histórico, como foi o nacemento do que sería Rei de España, Felipe IV.

Os elementos históricos desta festividade, así como o seu carácter relixioso, foron especialmente coidados e transmitidos de xeración en xeración, facendo especial fincapé en todos os programas de actos das festas no mantemento das tradicións histórico-relixiosas.

O actual programa de actos das festas de Bouzas manteñen todos e cada un destes elementos

a) A singularidade destas festas pódese comprobar co programa de actos, xa a Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos pon especial interese na conservación das tradicións. Así ten acadado especial sona a "REGATA DE FALUCHOS", embarcación tradicional típica da zona, fabricada polos xóves da vila.

b) Tamén contribúe a singularizar esta festa os famosos "FOGOS DE BOUZAS", que non teñen comparación con ningunha outra festa que se celebre en Galicia. Rematada ó atardecer a procesión da imaxe do Bo Xesús dos Aflixidos, o resplandor e estrondo dos fogos de Bouzas pon fin á festa. A festa de Bouzas cos seus famosos fogos aparecen reflectidos na Guía CAMPSA, dando clara mostra da transcendencia desta festa.

A tradición dos fogos de Bouzas remóntase a case douscentos anos atrás. De feito, inclúese no expediente proba documental que acredita que no ano 1879 D. José Posada y Pereira, na Revista "La Ilustración Gallega y Asturiana", xa facía referencia ós fogos de Bouzas: "Un castillo de fojetes alí preto se lucía, que hastra ser noite fechada non queimaban..."

O decano da prensa nacional, Faro de Vigo, fai mención no seu especial das festas do ano 1900 da extraordinaria tirada de fogos das festas de Bouzas.

Para acreditar a singularidade desta festa, achéganse os seguintes documentos:

Documento 10: Dossier sobre o Festival Pirotécnico de Bouzas, con referencias do ano 1900 en diferentes medios de comunicación sobre os fogos.

Documento 11: Copia da Revista "La Ilustración Gallega y Asturiana", onde nunha composición poética do ano 1879, se fai referencia ós fogos de Bouzas.

Documento 12: Carteis e programas das Festas de Bouzas dende o ano 1950, así como documentos gráficos da "Regata de Faluchos" e outras actividades programadas.

Documento 13: Dossier de prensa das festas dende o ano 1953 ata a actualidade.

3. Arraigamento. Tal e como expresa o Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, será necesario acreditar o arraigamento popular no ámbito territorial e o carácter participativo da poboación.

Con respecto a este punto, non cabe dúbida do arraigamento das festas de Bouzas, xa que son unha das máis populosas da provincia de Pontevedra. Máis de 50.000 persoas acuden cada ano a presenciar os fogos de Bouzas e numeroso público, non só vigués, acude á procesión en honor ó Patrón Maior das Festas.

En canto ó carácter participativo destas festas, ó indicio máis significativo é o compromiso e a colaboración que todos os veciños da vila amosan na elaboración do programa de actividades.

Incluso os xóves da parroquia se implican na organización, sendo a "REGATA DE FALUCHOS" unha das actividades nas que se implican enormemente, fabricando persoalmente as embarcacións tradicionais.

En canto á implicación da cidadanía nesta festa, hai que engadir que as Festas de Bouzas non só se sinten propias da vila de Bouzas, senón que todos os vigueses participan da festa. Un dos exemplos máis significativos é a elaboración do cartel das festas que son de enorme calidade artística e singularidade. Así artistas, cartelistas e pintores consagrados teñen asinado verdadeiras obras de arte. Artistas coma Pousa, Diz, Rodal... elaboraron os carteis da festa, que hoxe son ambición de coleccionistas.

A lectura do Pregón das Festas é outro exemplo da implicación cidadá, xa que autoridades e persoaxes insignes leron o pregón con moito orgullo: os alcaldes de Vigo: Manuel Soto, Carlos Príncipe, Lois Castrillo e Ventura Pérez Mariño. Deputados, gobernadores e outras autoridades teñen participado tamén destas festas.

Por outra banda, as festas de Bouzas contan ademais co apoio das institucións viguesas, sendo subvencionadas polo Concello de Vigo dende hai moitos anos.

Para acreditar este requisito, achéganse os seguintes documentos:

Documento 12: Carteis e programas das Festas de Bouzas dende o ano 1950, así como documentos gráficos da "Regata de Faluchos" e outras actividades programadas.

Documento 13: Dossier de prensa das festas dende o ano 1953 ata a actualidade.

4. Valor Cultural. Segundo a disposición da Xunta de Galicia, as celebracións dos eventos de que se trate neste tipo de declaracións deberán xirar en todo caso en torno a manifestacións de carácter cultural: artísticas, relixiosas, gastronómicas ou de calquera outro tipo.

En virtude de todo o exposto anteriormente, non cabe dúbida de que as festas de Bouzas cumpren co requisito antedito, xa que se trata dunhas festas con marcado interese cultural e relixioso. Tal e como se explicita no programa de actividades, as festas contan cunha importante procesión en honor ó Bó Xesús dos Aflixidos, que está consolidada na cidade.

Por outra banda, hai que destacar a importante contribución destas festas para a recuperación de tradicións e valores culturais da nosa cidade. Hai que suñar que unha das actividades principais do programa de festas é a

recuperación da lenda que vencella a Bouzas-Vigo coa tradición xacobeá. A lenda de "O cabaleiro das cunchas", documentada no libro do que é autor Leandro Carré Alvarellos, reproducése no programa das festas, contribuíndo así á súa difusión.

De importante interese cultural é tamén a tradicional Regata de Faluchos, embarcacións tradicións fabricadas polos xóves do barrio.

Representando os máis xenuino e valioso dos vigueses, que é a súa historia, os seus costumes e o seu entorno, as Festas de Bouzas sirven de polo de atracción turística e de escaparate para as xentes de fóra de Vigo e de Galicia.

Outro aspecto que é necesario destacar é a dotación óptima de equipamentos e infraestruturas no entorno no que se desenvolve a festa -explanada para aparcadoiro, boa rede de comunicacións coa parroquia, infraestructura comercial a hostaleira importante, etc., o que contribúe sen dúbida a facilitar o seu disfrute.

En canto ás accións promocionais da festa, é necesario facer constar o tradicional programa de festas que edita o comité organizador, que realizouse dende anos por insignes artistas galegos. Asemade, se realiza unha extensa promoción a través da Concellería de Turismo do Concello de Vigo, quen difunde a celebración destas festas en todos os eventos de carácter turístico que se celebran e ós que asiste o Concello.

Así mesmo, o Concello de Vigo patrocina e subvenciona a celebración destas festas mediante aportacións económicas das Concellería de Cultura e de Turismo e Comercio.

Entende esta Concellería que entre os recursos turísticos cos que conta a nosa cidade, atópanse, sen dúbida, as súas festas e actividades tradicionais, nas que se entrelazan elementos sociais, culturais, etnográficos, gastronómicos e mesmo lúdicos, e que fan delas un atractivo fundamental para o turista."

Polo anteriormente exposto a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Promoción Económica e desenvolvemento local, en sesión do día 19 de xaneiro de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Presentámoslle á Xunta de Galicia a petición da Confraría do Stmo. Cristo dos Aflixidos de que as Festas de Bouzas sexan declaradas Festa de Galicia de interese turístico. De acordo co Decreto 39/2001, que regula as consideracións para que as festas sexan declaradas coma de interese turístico teñen que cumprir determinados requisitos de antigüidade, singularidade e arraigamento.

Consideramos que estas festas reúnen todos eses requisitos sobradamente. A antigüidade remóntase ó nacemento de Felipe IV, polo que consideramos que está abondo probada. En canto á singularidade coidamos que os fogos de Bouzas non teñen comparanza con outras festas, así como a regata dos faluchos, embarcación tradicional fabricada polos xóves da vila. A procesión no ámbito relixioso: está abondo probado o arraigo da procesión en honra do Bo Xesús dos Aflixidos.

No expediente queda sobradamente recoñido que está xustificada esta petición. Ás Festas de Bouzas acuden máis de 50.000 persoas para presenciar os seus fogos, así como dende os distintos balcóns da cidade: O Castro, A Guía, o Paseo de Alfonso, Avenida de Beiramar, dende Cangas e mesmo dende o propio mar en embarcacións; é habitual que cada ano o número de asistentes a estas festas sexa maior.

Ademais cremos que a implicación dos boucenses na preparación e na celebración das festas é algo tamén moi importante e que o propio decreto implica: a elaboración do programa, o encargo dos carteis das festas, así como o encargo tamén da lectura do pregón. Case todos os alcaldes que estiveron en Vigo foron pregoneiros destas festas. Cremos que ese amor pola preparación das festas, ese arraigo que teñen os boucenses debe ser algo que trasladen ó resto da cidade de Vigo.

Coidamos que este ano, no que ademais curiosamente se cumpre o centenario da incorporación da Vila de Bouzas ó Concello de Vigo, sería moi bo para a cidade e sobre todo para esta xente que ven ano tras ano recuperando a tradición porque é natural que nas Festas de Bouzas se reúnan todos os boucenses de nacemento, os que viven alí e acuden ano tras ano e as persoas que viven fóra de Bouzas e de Vigo pero que tamén acuden cada ano facendo publicidade nas cidades nas que viven. Cremos que sería conveniente, e así o propoñemos ó Pleno, que se solicite á Xunta de Galicia que declare estas Festas de interese turístico.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Por suposto que votaremos a favor desta iniciativa na que xa estabamos traballando o Goberno do equipo anterior e que efectivamente se formula a solicitude da Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos, coido que expresando o sentir de todos os boucenses.

Gustaríame salientar algo máis: o feito de que isto teña un recoñecemento por parte da Xunta de Galicia quere dicir que se lle dá carácter de interese turístico galego, é dicir é algo bo para Bouzas e para Galicia;

coido que é algo que Vigo tamén aporta a Galicia e ó seu calendario festivo tendo en conta ademais que son unhas festas que xa se remontan ó século XVII.

Hai unha cuestión que se falou na Comisión e que a min polo menos me gustaría que quedara expresada, Sra. Molares, é a vontade do Goberno actual de recoñecer tamén, dentro do Regulamento de Honras e Distincións que ten o propio Concello, esta festa en clave local porque se ten un recoñecemento de ámbito galego autonómico, semella lóxico que tamén o teña no ámbito local. Non imos por elevación obviar a nosa propia responsabilidade de compromiso cun dos eventos máis importantes do noso calendario festivo.

Pediríalle polo tanto que nos explicase como poderíamos facer, se se pode facer xa neste mesmo Pleno ou inmediatamente no próximo que haxa este recoñecemento para non incorrer na contradicción de solicitar dunha instancia superior que recoñeza algo que non temos nós previamente recoñecido.

SRA. MOLARES PÉREZ: Ese tema xurdíu xa na Comisión informativa, a Sra. Porteiro expúxoo alí e pedín informe ós técnicos para ver se iso era posible.

Que o Sr. Secretario me corrixa se estou equivocada pero non hai, que eu saiba, no Concello un Regulamento específico que clarexe este tema ou que implique que podamos solicitar isto xa que é competencia da Xunta de Galicia. A única vía na que podería incorporarse esa distinción sería no propio Regulamento de honras e distincións que se aprobou no ano 81; modificar ese Regulamento é o único que se nos ocorre para que poida ter cabida esa declaración de interese local pero habería que redactar un documento novo no que se incorporaran estas e outras medidas, posto que en materia de turismo é a Xunta de Galicia a que ten as competencias, por tanto habería que estudar xuridicamente este tema.

Por suposto que pola nosa parte non habería ningún inconveniente en incorporar ese tipo de distintivos sempre que legalmente se poida facer por parte do Concello.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Non vai incidir no noso voto porque evidentemente que imos votar a favor. Para nós é suficiente a explicación da Sra. Concelleira se efectivamente está disposta a dar os pasos axeitados no sentido que

acaba de indicar, do contrario faríamos un rogo ó remate da sesión pero coidamos que pode resultar innecesario.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Dicit que nós compartimos o dito anteriormente sobre a importancia de que se declaren coma Festas de interese turístico as Festas de Bouzas e imos votar a prol.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Mariño)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Solicitar diante da Xunta de Galicia a declaración de Festa de Galicia de Interese Turístico para as Festas do Cristo de Bouzas, xa que concorren todos e cada un dos requisitos esixidos no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, tal e como se acredita na parte expositiva do presente acordo e segundo a documentación que se aporta no expediente.

5.- (21).- RECUPERACIÓN DE OFICIO DE DIVERSOS LOCAIS MUNICIPAIS NA PLANTA BAIXA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informa emitido con data 20 de novembro de 2003 polo xefe de Patrimonio, Sr. Rodríguez Cadarso, conformado polo xefe de Réxime Interior:

"PRIMEIRO.- O Pleno municipal en sesión realizada o día 21 de decembro do 2000 adoptou o acordo de incoación de expediente de recuperacion de oficio da posesión dos locais situados no baixo do Estadio Municipal de Balaidos, pola súa ocupación e explotación polas sociedades Club de Viajes Marsans S.A., Telered Comunicaciones, S.A., Tienda Info J.C., e Asgalsa Correduría de Seguros, S.A.

SEGUNDO.- Que séndolle notificado o acordo ás sociedades interesadas, en trámite de audiencia outorgado para formulación das alegacións que na defensa dos seus intereses tivesen por conveniente, formuláronse estas por Asgalsa Correduría de Seguros, S.A., en data 14/02/2001, e por Viaxes Marsans, S.A., o 21/02/2001.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O presente expediente ten por obxecto a recuperación posesoria dos locais sitios no baixo no Estadio Municipal de Balaidos ocupados polas Sociedades sinaladas no acordo plenario de data 21/12/2000, inmovible que consta como de propiedade municipal no epígrafe 1 no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de 04/05/93, e que figura baixo o número de propiedade 000280, constando calificado coa natureza xurídica de ben de servizo público.

SEGUNDO.- As alegacións formuladas polas entidades Viaxes Marsans, S.A., e Asgalsa Correduria de Seguros, S.A., ó expediente de recuperación posesoria, basean o seu dereito á ocupación dos locais na planta baixa do Estadio Municipal de Balaidos, na existencia de acordos de colaboración concertados co Real Club Celta de Vigo, S.A.D., e a Fundación Celta de Vigo. En relación ás mesmas, pódese sinalar, que estas constitúen unha relación xurídico privada que en modo ningún vinculan a esta Administración como titular dominical e posuidor dos locais do Estadio Municipal de Balaidos, os cales, de acordo co texto do convenio aprobado polo Pleno municipal o 28/05/92 entre esta Administración e o Real Club Celta de Vigo, non foron obxecto de cesión no seu uso e xestión a prol do Real Club Celta, non constituindo polo tanto, os acordos de colaboración concertados, título que poida lexitimar dita ocupación ó ser esta Administración o seu titular e corresponderlle en consencuencia a súa explotación e xestión e, no seu caso, o outorgamento das preceptivas autorizacións para o aproveitamento e ocupación por terceiras persoas dos mesmos, nin por outra banda, enerva ó exercicio da acción recuperatoria de oficio da posesión por esta Administración na defensa do seu patrimonio e de conformidade coas facultades que lle outorga a lexislación vixente.

TERCEIRO.- Que consonte ó disposto no art. 5 da Lei 7/85 reguladora das bases do Réxime Local, na súa redacción dada por Lei 11/99, do 21 de abril, e o disposto no art. 270 da Lei 5/97 da Administración Local de Galicia, e o art.9 do RD 1.372/86 de Bens das Entidades Locais, estas teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos, así como para o exercicio de accións e recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio.

CUARTO.- Así mesmo de acordo co art. 82 de LRBRL, art. 273 da LALG, art. 44 e 70 do RBEL, recoñéceselle ás Entidades Locais a facultade de recuperación de oficio da posesión de seus bens, tanto de natureza patrimonial como demanial, exercicio de acción recuperatoria non suxeita a límite temporal podendo ser exercitada en calquera momento, no suposto de ter por obxecto bens demaniais, establecendose pola contra un prazo dun ano, cando o ben obxecto da acción sexa de natureza patrimonial.

QUINTO.- Constatada no expediente tramitado a ocupación ilícita polas devanditas sociedades dos locais sitios na planta baixa do Estadio Municipal de Balaidos, procede que polo órgano competente se adopte o acordo de recuperación de oficio, requiríndolle ós interesados para que procedan o seu desaloxamento, con apercibemento, noutro caso, de utilización dos medios compulsorios legalmente admitidos (art. 71 del RBEL), e en concreto da execución forzosa prevista e regulada no capítulo V título VI da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común.

SEXTO.- Resulta competente para a adopción do acordo do exercicio da acción recuperatoria de oficio da posesión dos citados locais o Pleno municipal, de conformidade co disposto no art. 22.2.j da Lei 7/85 reguladora das bases de Réxime Local, requiríndose no presente caso o previo dictame da Secretaría Xeral (art. 9.3 do RBEL)."

Polo exposto o xefe de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 12 de decembro de 2003 o secretario xeral presta a súa conformidade ó devandito informe-proposta.

A comisión informativa de Persoal, Patrimonio, Contratación e Réxime Interior dictamina favorablemente.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Castrillo).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Desestima-las alegacións presentadas por Viaxes Marsáns, S.A., ó expediente de recuperación de oficio da posesión dos locais sitios na planta baixa do estadio municipal de Balaidos, ó non resultar desvirtuados polos motivos expostos nos antecedentes do presente acordo, os fundamentos xurídicos que lexitimán o exercicio desta facultade.

Segundo.- Recuperar de oficio a posesión dos locais sitios na planta baixa do estadio municipal de Balaidos ante a súa ocupación ilícita por Viaxes Marsáns, S.A., e Telered Comunicaciones, S.A.

Terceiro.- Proceder ó arquivo das actuacións practicadas a Tienda Info J.C. e Asgalsa Correduría de Seguros, S.A., ó non constar na actualidade que ocupen os locais municipais nos baixos do estadio de Balaidos.

Cuarto.- Concederlle a Viaxes Marsáns, S.A., Telered Comunicaciones, S.A., o prazo dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación do presente acordo, para que procedan ó desaloxamento dos locais municipais sitios na planta baixa do estadio municipal de Balaidos.

Quinto.- Apercibirilles que transcorrido o prazo outorgado e no caso de incumprimento, procederase por esta administración á execución forzosa do ordenado, consonte ó previsto na Lei 30/92 de RXAP e PAC correndo ó seu cargo os gastos que se orixinen.

6.- (22).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR ASISTENCIA TÉCNICA PARA INSPECCIONAR E LOCALIZA-LA RUPTURA DO EMISARIO SUBMARINO. EXPTE. 2194/306.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, na súa sesión do día 10 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"18(1589).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR ASISTENCIA TÉCNICA PARA INSPECCIONAR E LOCALIZAR A RUPTURA DO EMISARIO SUBMARINO. EXPTE. 2194/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral, do 26.11.03, e de acordo co informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servicio de Medio Ambiente, do 3.11.03, conformado pola concelleira delegada de dito servicio, a Comisión de Goberno, por unanimidade acorda:

Primeiro.- Convalidar o gasto correspondente á "ASISTENCIA TÉCNICA PARA INSPECCIONAR E LOCALIZAR A RUPTURA DO EMISARIO SUBMARINO".

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de JUAN H. GORDO, correspondente á factura nº 063/03, de data 296/10/2003, polo concepto de "Servicios Submarinos que consistiron na localización e inspección do emisario de Samil" e por importe de 3.834,46 euros, IVE engadido, con imputación á partida "Estudios Previos e Proxectos": 445.0.227.06.00, do orzamento en vigor."

Do anterior a Presidencia da conta á Corporación Municipal quedando esta enterada.

7.- (23).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA UTE TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. E ELOIMAR, S.A., EN RELACIÓN COA URBANIZACIÓN DA PRAZA DA INDEPENDENCIA. EXPTE. 3964/250.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, na súa sesión do día 10 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"31(1602).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE UTE TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO SA E ELOYMAR S.A. EN RELACIÓN COA URBANIZACIÓN DA PRAZA DA INDEPENDENCIA. Expte. 39657/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 27.11.03, e de acordo co informe-proposta do técnico de

administración xeral do Servicio de Vías e Obras, Sr. Rodríguez García, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Declara-la nulidade das actuacións producidas no expediente nº 39647/250, que deron lugar á factura presentada por la UTE "TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO S.A. Y ELOYMAR S.A.", por un importe de 819.312 euros (IVE engadido), por "diferencia resultante entre o proxecto de urbanización da Praza de Independencia contido no proxecto de execución aprobado e o custo real e efectivo das obras de la 1ª fase."

2º.- Recoñecer e aboar á referida UTE unha indemnización substitutiva de 819.312 euros, co que de conformidade co seu escrito desta mesma data se considera resarcida da perda sufrida no seu patrimonio como consecuencia de ditas obras e renuncia a calquera reclamación ou indemnización futura (agás ó aboamento das cantidades que poidan derivarse da liquidación da obra, previa a tramitación do regulamentario expediente).

Así mesmo, efectuado o pagamento deberán desistir do recurso contencioso-administrativo entablado no seu día contra o Concello en relación con este asunto.

3º.- Deberá darse conta deste acordo ó Pleno de la Corporación, de conformidade co estipulado na Base 28.11 das de execución do orzamento, na primeira sesión que se realice."

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta á Corporación quedando esta enterada.

8.- (24).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA PASSCO POR IMPORTE DE 1.144,38 €. EXPTE. 1528/307.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, na súa sesión do día 10 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

3(1607).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA "PASSCO" POR IMPORTE DE 1.144,38 EUROS.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral, do 10.12.03 e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 09.12.03, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva por importe de 1.144,38 € a favor da empresa PASSCO (CIF F-15019268) pola subministración e instalación de luminarias no Casco Vello de Vigo no ano 1999, e segundo a súa factura nº PVS-105-OAV-579, presentada no Rexistro Xeral na data do 08.04.2003 (nº doc. 30033891).

2º.- Imputalo á partida 4531.22.10900 Material Técnico Especial do vixente orzamento do 2003 ou bolsa de vinculación.

3º.- A imputación do gasto ós orzamento vixente non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

Do anterior a Alcaldía-presidencia da conta á Corporación Municipal quedando esta enterada.

9.- (25).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE A INSTALACIÓN EN VIGO DO CIRCUITO DE VELOCIDADE DE GALICIA.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do grupo municipal de DPG, Sr. Alonso Vázquez, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de xaneiro de 2004, formula a seguinte moción:

"A Xunta de Galicia está a realizar análises previas para elaboración dun proxecto de circuíto de velocidade en Galicia.

Na nosa opinión, e para rendibilizar ó máximo o devandito circuíto, debería de ser apto para celebrar competicións internacionais de automobilismo, motociclismo e de camións.

É obvio que ó termos en Vigo a empresa Citroén, poderíase xerar unha simbiose entre as probas a celebrar, co calendario preestablecido que se estime máis conveniente, co feito de que poderían ser utilizadas as pistas para probas de prototipos da citada factoría. Xa que logo, o circuíto tería fins sociais, deportivos, comerciais e de axuda pra asentar aínda máis a nosa primeira industria entre nós.

Sen prexuízo de que estudos polo miúdo concreten a alternativa técnica precisa, adiantamos criterios técnicos para o citado proxecto:

Coidamos que debería contar con asentos para 8.000 persoas e outras 7.000 prazas de pé para poder contempla-los espectáculos deportivos.

A súa lonxitude total sería de 3.600 m. e a da recta de saída duns 625 m. O ancho tería 12 m., agás na recta de saída que sería de 14 m. A rampla máxima tería o 2%, namentres que a pendente máxima de baixada sería do 8%. Tería un peralte máximo nos centros das curvas dun 2'4%. O peralte mínimo na recta sería de 1'4%. Os radios mínimos de curva terían sobre 30 m. e os radios máximos sobre 205 m.

Consonte co antedito propoñemos:

Pedirlle á Xunta de Galicia que, previa a realización de tódolos estudos oportunos, se decida á instalación en Vigo do Circuito de Velocidade de

Galicia, apto para celebrarmos probas de automóbiles, motocicletas e camiós."

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Como é sabido a Xunta de Galicia quere realizar a elaboración dun proxecto de circuito para competicións de carreiras de automobilismo e motos. Nós entendemos que ese circuito debería ser instalado en Vigo ou na súa área metropolitana de ser o caso.

En Vigo temos a fábrica de Citroën e ó mesmo tempo sería unha grande cousa para que os prototipos desta mesma casa foran probados alí, independentemente das competicións que entendemos deberían ser internacionais, nacionais e todo tipo de competicións. Coidamos que tiña que ser un circuito para unhas 15.000 persoas, 7.000 sentados e aproximadamente uns 8.000 de pé.

Deixariamos para os técnicos estudar a situación exacta aínda que nós temos pensado algunha que sería a debater.

Esperemos que sexa tomado en conta todo isto e se aprobe.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: En relación con esta iniciativa que defendu o Sr. Alonso por Democracia Progresista Galega, gustaríanos propoñer a creación dun punto 1 e dun punto 2 para que na petición que lle fagamos á Xunta de Galicia quede claro que os estudos previos se fagan en colaboración técnica co Concello, que se fagan o máis axiña posible e que neses estudos se achegue a localización, os anteprojectos de obra e os orzamentos precisos para construír o circuito.

A redacción, Sr. Alonso, sería algo así: Punto 1, que a Xunta de Galicia coa colaboración técnica do Concello realice o máis axiña posible os estudos de localización, anteprojectos de obra e orzamentos para a construción do devandito circuito. Punto 2, que no caso que os citados estudos así o indiquen, se decida a elección de Vigo para instalación do Circuito de Velocidade de Galicia apto para celebrármomos probas de automóbiles, motocicletas e camiós.

É sinxelamente para que esta vontade, da que se fala sobre todo na exposición de motivos de que se fagan estudos e demais, quede tamén recollida na votación que fagamos e no acordo concreto que tomemos.

SRA. MOLARES PÉREZ: A instalación dun Circuito de Velocidade en Galicia é unha necesidade que xa se ven poñendo de manifesto dende hai tempo e, aínda que hai outros lugares que se propoñen para a súa localización, dende este

Goberno municipal anunciamos o noso voto a favor sempre que este investimento non implique un detrimento doutros investimentos como poden ser piscinas, campos de fútbol ou pavillóns deportivos que tamén cremos conveniente seguir desenvolvendo para complementar infraestructuras deportivas da nosa cidade.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Estamos totalmente de acordo co que comentaron aquí. Pero hai un tema do que falou a Sra. Porteiro (non sei se lle entendín ben), dicía que os técnicos buscasen a localización en Vigo ou non. Eu penso que é imprescindible que sexa en Vigo. Estamos de acordo en que se faga todo iso pero sempre a localización en Vigo ou dentro da súa área.

SRA. MOLARES PÉREZ: Nese sentido gustaríame indicar que a localización pode ser Vigo ou a súa área metropolitana, posto que temos que ver a localización sempre nun sentido amplo e hai que ter en conta que a localización dun circuito de velocidade implica moito terreo e ademais non calquera terreo, senón que hai que cumprir determinadas condicións medioambientais. Por tanto, canto máis ampla se propoña a súa localización máis probable e máis fácil pode ser que sexa máis perto da nosa cidade.

SRA. ALCALDESA: Entón votamos incorporando a proposta da Sra. Porteiro.

Emenda formulada pola concelleira Sra. Porteiro García, do Grupo Socialista, durante o curso do debate:

A creación de dous puntos co seguinte texto:

- 1.- Que a Xunta de Galicia, coa colaboración técnica do Concello realice o máis axiña posible os estudos de localización, anteproxectos de obra e orzamentos para a construción do devandito circuito.
- 2.- Que no caso de que os citados estudos así o indiquen, se decida a elección de Vigo para a instalación do Circuito de Velocidade de Galicia apto para celebrármonos probas de automóbiles, motocicletas e camiós.

(No momento da votación está ausente a Sra. Fernández Davila).

A Alcaldía somete a votación a moción do Sr. Alonso Vázquez coa emenda formulada pola Sra. Porteiro García.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vinte votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e seis abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, coa colaboración técnica do Concello realice o máis axiña posible os estudos de localización, anteprojectos de obra e orzamentos para a construción do devandito circuito.

Segundo.- Que no caso de que os citados estudos así o indiquen, se decida a elección de Vigo para a instalación do Circuito de Velocidade de Galicia apto para celebrármonos probas de automóviles, motocicletas e camións.

Explicación de voto do Sr. Domínguez Olveira polo Grupo Municipal do BNG:

A nosa postura de nos abster non é en absoluto porque esteamos en contra de todos os investimentos que poidan vir para a cidade e en concreto deste circuito de velocidade.

O que non entendemos é como nestes momentos se pode estar turrando dun investimento deste tipo cando aínda non temos pechado o Plan de infraestruturas deportivas, o Convenio de infraestruturas deportivas Deputación, Concello e Xunta de Galicia; cando aínda temos moitas prioridades nesta cidade tal como a piscina olímpica de Barreiro, tal como máis piscinas para a cidade, como novos campos de fútbol, como novos pavillóns polideportivos que si son necesarios.

A nosa abstención vai sinxelamente na procura de seren prudentes e cautos e non empezar a esixirlle á Xunta de Galicia e ás demais Administracións investimentos multimillonarios como sería o dun Circuito de velocidade, por que é un investimento multimillonario, e que polo tanto non teríamos poder de enfrontalas directamente polo Concello e que iso puidera vir en detrimento de facer a forza necesaria que nós consideramos máis prioritaria e urxente que son outro tipo de instalacións que son urxentes, prioritarias e necesarias para o deporte desta cidade. Temos moitísimos clubes de base, moitísimas asociacións deportivas pero por desgracia, ogallá tiveramos

moitos, non temos pilotos vigueses nin clubs ós que atender nestes momentos. Gracias.

SRA. MOLARES PÉREZ: Nese sentido foi a miña intervención xa que como Concelleira de Deportes para min é fundamental complementar as infraestructuras deportivas que poidan usar todos os vigueses e viguesas de todas as idades e condicións.

Votamos a favor do circuíto de velocidade sempre, como explicitamos, que isto non supoña un detrimento dos investimentos para complementar as infraestructuras existentes.

SR. SOTO FERREIRO: Unha explicación de voto, Sra. Alcaldesa, o debate é perverso pero son outros os que comezaron a perversión do debate.

SRA. ALCALDESA: É para explicar o voto e nada máis.

SR. SOTO FERREIRO: Claro que vou explicar o voto nada máis pero os votos, cando teñen argumentos longos que atinxen ó fondo do tema, realmente coido que habería que os explicar antes. Tiñamos que sentármonos en Voceiros para ver que é ou non unha explicación de voto pero se nos obriga porque semella que o noso Grupo pretende facer grandes investimentos e que non nos importa ren calquera outro investimento deportivo. Esa é unha demagogia barata e dígollo así ós compañeiros do BNG para que volvan explicar o voto.

Non ten nada que ver, pasa que os que desgobernaron tanto e non saben gobernar por iso din esas cousas.

SRA. ALCALDESA: É unha explicación de voto.

SR. SOTO FERREIRO: Estou explicando o voto. Miren, por favor, o noso voto é a favor porque independentemente das moitas instalacións deportivos que por certo non fixeron os gobernos anteriores, que non foron quen de acadar coa Xunta de Galicia, por certo; un investimento destas características é importantísimo e nos consta que a Xunta está estudando onde o facer en Galicia. E onde facer este investimento en Galicia, se se vai facer, debe ser en Vigo por moitas razóns.

A primeira (non digo a cuarta) porque está aí Citroén e porque pode haber beneficios mútuos e se non se sabe isto non se sabe nada de nada porque a

esa instalación deportiva, non nos confundamos, aí non van ir os rapaces vigueses a facer deporte, unha cousa son as instalacións deportivas populares que necesitamos moitísimas, esa é unha cousa e outra é unha instalación deste tipo que é de deporte espectáculo e polo tanto que acada melloras para a economía por creación de postos de traballo e longos etcéteras.

Por todos eses longos etcéteras, para máis empregos, para tantas cousas e para que esa instalación da que se fala facer en Galicia se faga aquí, é a nosa proposición.

Vaia como explicación de voto.

10.- (26).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE O ESTABLECEMENTO DA VENTÁ ÚNICA EN DEPENDENCIAS DO CONCELLO.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Aquí hai algunha confusión seguramente, Sra. Alcaldesa, se vostedes miran a nosa proposición di: "Proposta que presenta diante da Xunta de Goberno". O por qué é claro, é dicir, o Pleno da Corporación xa aprobou por unanimidade no seu día a nosa moción e o que lle pedimos á Xunta de Goberno é que a execute e por iso lla mandabamos á Xunta de Goberno.

Eu agradézolle en todo caso a xentileza de mandala aquí por se xeraba novo debate pero por nós dende logo que non.

SRA. ALCALDESA: Entón non a votamos, retirada.

Incluída por erro na orde do día, xa que a moción vai dirixida á Xunta Local de Goberno, retírase sen a someter a votación.

11.- (27).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE IMPRANTACIÓN DO CARRIL PARA BICICLETAS EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de xaneiro, o voceiro do grupo municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Coidamos que se deben crear itinerarios de carrís-bici en distintas rúas da cidade e dende logo, nas rúas das novas urbanizacións.

Os precedentes sobre a instalación de carrís-bici veñen de cando eu era Alcalde, aínda que esa práctica, como tantas outras, non tivo continuidade despois.

Máis tarde D. Agustín Arca presentou unha moción para que se imprantasen carrís bici en todas as novas urbanizacións da cidade, moción que foi aprobada por unanimidade daquela durante o mandato do goberno municipal tripartito e sistematicamente incumplida por aquel mesmo goberno e polos que o seguiron.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Que se estudie unha rede de carrís bici en todas as rúas e camiños do termo municipal de Vigo onde tecnicamente sexa posible.

2.- Que a moción presentada no seu día por D. Agustín Arca, q.e.p.d., que foi aprobada por unanimidade pola Corporación no sentido de que se impranten carrís bici en todas as rúas de novas urbanizacións se materialice xa, comezando pola súa definición nos traballos que está a facer o equipo redactor do Plan Xeral."

DEBATE CONXUNTO DAS MOCIÓNS 11 E 12.- SR. SOTO FERREIRO: Sobre os carrís de bicicletas coido que temos unha deficiencia evidente e tamén incumprimentos flagrantes e digo isto porque hai unha proposta aprobada no seu día por unanimidade de D. Agustín Arca, que en paz descanse, moción que dicía que se implantasen carrís-bicis en todas as novas urbanizacións en Vigo e que se fixera un estudo para ver como se podía facer coas que xa hai na cidade. Non se fixo practicamente nada naquela dirección, nin polo Goberno tripartito aquel no que el estaba, nin logo, nin no de despois e aínda iste a verdade é que non tivo tempo, somos conscientes pero o queremos coller así de a tempo para que non siga pasando sen tomar a resolución.

Se a Corporación tomou acordo unánime no seu ano, unha de dúas, ou seguimos participando deses criterios que, por certo, coido que é poñerse, como diría un francés: "á page" con respecto do que se está a facer en Europa e dende hai moitísimos anos, ou non. Se é así me parece inconcebible que non se faga un estudo dun carril primario de bicis como pide a Asociación de amigos da bicicleta "A golpe de pedal" que traballa a prol das bicis, senón tamén, como non se están a tomar, na miña opinión, decisións consecuentes nesta dirección no Plan Xeral, iso é o que seguramente non se lles di ós técnicos.

Eu o que pido é que o Pleno da Corporación tome a decisión de encargarlle ó equipo redactor do Plan Xeral que todas as novas urbanizacións que se fagan en Vigo teñan carril-bici e que estes se conecten cun carril primario do que xa está construído que terían que definir os técnicos do Concello a priori, supoño que escoitando ós que máis saben da bici, e neste momento uns dos que máis saben son os dese grupo entusiasta que é "Amigos do pedal". Daí ese tipo de mocións.

Se me permiten explico tamén a segunda que é sobre carrís-bicis porque ten o mesmo fondo e así lles aforro dous debates, se a Sra. Alcaldesa mo permite.

Non hai máis que ver calquera día de lecer as bicicletas que circulan pola avenida Ricardo Mella paseando ata Saiáns, ata Baiona mesmo, para dicir que hai unha evidente necesidade de que se constrúa un carril-bici importante nesa zona porque a veñen utilizando os ciclistas de xeito natural e espontáneo dende hai moitos anos.

Trataríase pois de pedirlle á Xunta de Galicia que se institúa un longo carril-bici. Nós pediamos un longo carril-bici cando o pediamos ata a Garda, pero cando estabamos a piques de presentar a nosa moción, o mesmo día que a presentabamos chegou unha comunicación dese mesmo grupo de "Amigos do pedal" na que falaba de conectar cun plan dos responsables do Goberno portugués de facer carrís tamén na súa zona; evidentemente dicíanos que deberían estar conectados cos carrís españoles, cousa que semella dunha lóxica evidente.

Nós con moito gusto incorporamos aquel segundo aspecto propositivo e por iso a proposición nosa queda complementada no sentido de que se establezan carrís-bici protexidos coas normas de seguridade que hoxe hai entre Vigo e A Garda e entre A Garda e Tui para enlazar cos carrís-bici portugueses.

SRA. SIO LOURIDO: Sr. Soto, ímoslle votar a favor das súas dúas mocións pero lle imos dicir algo. A Asociación chámase "A golpe de pedal" e a moción do Sr. Arca é do ano 94. Nos antecedentes da moción falaba claramente de algo que vostede tamén dixo que é o que están facendo moitísimas cidades de Europa que se recolle nun documento que é "En bici cara cidades sen malos fumes" onde se di que cidades chuviosas e cidades que teñen costas dun 7 e un 8% están traballando a favor da bici, non como un instrumento de paseo ou de deporte, que xa o recolle o Sr. Arca na súa

moción, senón coma un medio de transporte, o que tamén o di o Sr. Arca nos seus antecedentes.

Ímoslle votar a favor porque é certo que esta cidade precisa, polo menos onde sexa tecnicamente posible, que os cidadáns e cidadás que así o desexen utilicen a bici coma medio de transporte, non só porque sexa importante para quen o queira facer, senón porque é importante para o medio ambiente, para a calidade de vida, para a cidade e para a saúde das persoas. Na zona sur de Galicia para o turismo son importante as propostas das súas dous mocións; tamén é importante porque se recollen nas novas normas de tráfico medidas específicas que dan prioridade ás bicicletas nas vías urbanas e interurbanas e iso é por algo, non só porque sexa unha proposta duns cantos, senón porque é unha proposta que se está a facer da Comisión Europea, exactamente da Dirección Xeral de Medio Ambiente.

Non é só pola cantidade de ciclistas que se moven pola avenida de Ricardo Mella, senón por quen en potencia desexarían utilizar a bici como medio de transporte e non o poden facer porque ó mellor suporía un suicidio facelo por algunhas rúas da nosa cidade; por iso ten que ver coas concellerías de Vías e Obras, Tráfico e tamén coa educación e mentalización dos que usamos todos os días o vehículo como medio de transporte.

Por iso ímoslle votar a favor.

SR. IGLESIAS CARRERA: Creo que practicamente o que podía dicir xa o dixo a concelleira do Grupo Socialista, dona Belén Sio e estou plenamente de acordo co que di o Sr. Soto. Non só Vigo, que ten unha orografía especial, senón que coido que en toda España non existe aínda a filosofía da bicicleta, non como unha participación competitiva de federacións ciclistas, senón que a sociedade, porque está envellecendo, demanda a bicicleta como medio de transporte porque é un medio saudable.

Por outra banda tamén é moi importante para a xente xóve porque é un sistema de educación dos rapaces, que non crean que son marchas, porque está moi mal a filosofía dos vehículos de tracción e non dos peóns nin dos ciclistas.

Eu tiven a satisfacción de recibir á agrupación ciclista de Vigo, porque son membro dela, e xa me presentaron algúns proxectos que teñen para a cidade e coido que tiñamos que consensualo os grupos que forman parte desta Corporación porque xa presentan zonas concretas da cidade na que se pode facer.

No relativo á moción do punto 12, voltamos ó mesmo, sería espléndido que empezáramos a falar da área metropolitana e que nos plans xerais cando se fan estradas se contemplen estes carrís, aínda que pola orografía coido que nin vostedes nin eu sexamos quen de ir de Tui a Vigo, a non ser pola nova estrada que se pretende facer entre Tui, Cela, Mosende, ata ó alto de San Colmado.

En todo caso ofrézome a axudar á delegada de Deportes a falar disto porque hai zonas moi concretas que, se se contemplan, coido que poderían ser moi boas para empezar a meter a filosofía que existe en toda Europa relativa á bicicleta. Mesmamente nunha xoia urbanística que temos en Vigo como é o Campus da Universidade existe xa un carril para bicicleta aínda que tamén hai pendentes que coido que o Sr. Soto e máis eu tampouco estamos para andar por elas, coido que as hai do 9%, pero mercamos unha bicicleta motorizada e imos todos.

En todo caso alí xa hai un circuito e sigo pensando que o Campus da Universidade aínda está pouco coñecido e coido que como ise pódense facer outros percorridos.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Castrillo)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do grupo municipal Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, sobre implantación de carrís para bicicletas en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (28).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE COMUNICACIÓN ENTRE VIGO, BAIONA, A GARDA, TUI E PORTUGAL CON CARRÍS PARA BICICLETA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de xaneiro, o voceiro do grupo municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"No verán, os atrancos de tráfico na Avenida Ricardo Mella e a súa prolongación ata Baiona, converten nun pesadelo a circulación por esa estrada. Un pesadelo para os que precisan usala a diario: traballadores, empresarios e usuarios das empresas dese contorno, mailas xentes que por outros varios motivos precisan ir e vir por ela. E tamén moi graves molestias para os moitos turistas que por alí circulan, co que se lle están a infrinxir danos e prexuízos á nosa economía.

Precisamos pois acomete-lo estudio dun proxecto de remodelación desa estrada ata deixala cunha funcionalidade razoable, incluíndo beirarrúas nas zonas habitadas polas que discorre.

Daquela, cumpriría aproveita-la oportunidade da tal remodelación para implantar carrís bici polas beiras desa estrada. Pasariamos a ser unha referencia a nivel nacional e internacional con eses longos carrís bici entre Vigo e A Garda. E servirían para uso e lecer dos nosos deportistas e afeccionados ó ciclismo, ó tempo que serían unha nova oferta para apoiar as nosas propostas de turismo. Ou de eco-turismo, para sermos máis precisos.

Ata aquí a moción que tiñamos lista para ser presentada cando nos chega unha comunicación de Amigos da Bicicleta "A golpe de pedal" que ademais de pedir o mesmo que nós, amplían a petición comentando o beneficioso que sería que os carrís continuasen dende A Garda ata Tui para enlazar así cos plans de carrís bicis que teñen os irmáns portugueses.

Acollemos pois esa engádegas por considera-la altamente beneficiosa.

Consonte co antedito propoñemos:

- 1.- Pedirlle á Xunta de Galicia que acometa un proxecto de remodelación da Avda. Ricardo Mella, e maila súa prolongación ata Baiona e A Garda.
- 2.- Que polas beiras desa vía convenientemente remodelada se constrúan dous carrís bici protexidos (un por cada sentido).
- 3.- Que ditos carrís, con iguais características, se constrúan entre A Garda e a nosa fronteira con Portugal en Tui."

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Castrillo)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do grupo municipal Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, sobre comunicación entre Vigo, Baiona, A Garda, Tui e Portugal con carrís para bicicleta, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AMPLIACIÓN DE HORARIOS
NA BIBLIOTECA CENTRAL E SALAS DE ESTUDO NO CENTRO DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de xaneiro de 2004, formula a seguinte moción:

“De todos e todas é sabido que na nosa cidade existe un claro déficit de bibliotecas públicas. Esta situación tórnase se cabe máis problemática cando chegan as épocas de exames e os mozos e mozas atopan dificultades para atopar lugares axeitados onde poder estudar, sobre todo, pensando nos horarios que máis lle poden interesar, é dicir, na franxa nocturna.

Ademais deste problema teremos que formularnos a inexistencia de lugares exclusivos para o estudo, xa que as bibliotecas terían que ser espazos onde ademais se potenciara a investigación, a propia lectura, etc.

Pensamos dende o BNG que non sería demasiado custoso buscar algúns locais no centro da cidade, dotalos de mobiliario indispensable (mesas, cadeiras e ordenadores) e acondicionalas como salas de estudo exclusivamente, algo que é altamente demandado polos propios mozos e mozas.

En definitiva, pensamos que se pode traballar en dúas liñas: en primeiro lugar tratando de chegar a convenios coas bibliotecas privadas para que amplien o seu horario na franxa nocturna (e tamén facer o mesmo coa biblioteca Central), e en segundo lugar establecer salas de estudo no centro da cidade. Deste xeito estaríamos a ofertar ós nosos mozos e mozas varias oportunidades para afrontar as súas horas de estudo en lugares axeitados.

Por todo o exposto este concelleiro, en nome do Grupo Municipal do BNG, propón ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:

1.- O Pleno da Corporación insta ó Goberno Municipal a iniciar os trámites necesarios para conseguir que a Biblioteca Central e as privadas do centro da cidade amplien os seus horarios en épocas de exame para facilitar que na franxa nocturna poidan estar abertas.

2.- Que o Goberno municipal acometa o establecemento de salas de estudo no centro da cidade a disposición dos mozos e mozas estudantes.”

DEBATE.- SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Por desgracia de todos é coñecido que a nosa cidade ten un claro déficit de bibliotecas públicas; déficit que ademais dalgún xeito se ve agravado cando chegamos ás épocas de exames, como a que imos ter agora mesmo, e vemos que os mozos e mozas estudantes veñen demandando dende hai moito tempo estes espazos que son de vital importancia para o seu estudo.

Cando ademais, por non existir estes espazos habilitados para o estudo, utilizan as poucas bibliotecas que temos para estes menesteres cando o ideal sería que as bibliotecas se utilizaran para a investigación literaria, para a lectura, para a realización de actividades de animación á lectura e non como meros lugares donde os mozos e mozas van con os seus libros e os seus apuntes a estudar.

Esta moción o que propón é algo moi sinxelo: por un lado que o goberno municipal inicie os contactos coas bibliotecas privadas do centro da cidade, como a de Caixanova, a do Mercantil, etc., para que durante as épocas de exames poidan abrílas en horarios nocturnos que son os horarios que os mozos e mozas demandan por ser cando realmente máis tempo teñen para estudar. Coido que non é unha cuestión moi difícil de acadar porque xa no goberno anterior, no inicio das Noites Vivas, conseguimos xa chegar a acordos con algunha destas bibliotecas para que abrisen en horario nocturno. Por tanto coido que con algunha xestión diante destas bibliotecas podería conseguirse que alomenos no mes de febreiro e primeiros de marzo puideran ampliar os horarios á franxa nocturna.

Sabemos que nestas cousas non se pode pedir a urxencia de hoxe para mañá pero por outro lado tamén se propoñe que o Goberno municipal inicie un estudo para buscar e acondicionar no centro da cidade algúns locais que se utilizasen única e exclusivamente como salas de estudo. Coidamos que non sería nada custoso porque estes locais simplemente habería que dotalos de mesas, cadeiras e uns cantos ordenadores conectados a Internet e nada máis porque de todos é sabido que os mozos e mozas, cando van estudar, non precisan máis que dun sitio onde poder facelo porque xa eles mesmos se dotan do material que necesitan para o estudo.

Pensamos que estes locais atendidos por unha ou dúas persoas en canto a vixilancia non poderían supoñer unha inversión demasiado alta e cremos sinceramente que estaríamos dando unha demanda moi real e que hoxe os nosos mozos e mozas teñen.

E tamén é importante dicir que, igual que fomos pioneiros a nivel galego en dotar ós nosos mozos e mozas de locais gratuítos para ensaio dos grupos musicais, podería ser unha boa oportunidade para que Vigo fose tamén pioneiro a nivel galego de dotar ós nosos mozos e mozas de lugares axeitados para o seu estudo.

SR. SOTO FERREIRO: Paréceme unha moción de contido importante a que presenta o Sr. Domínguez Olveira e estamos totalmente a favor do fondo da mesma.

Sinxelamente queremos facer unha suxestión. En primeiro lugar as necesidades de locais de estudo non son soamente no centro da cidade porque hai moitas xentes que viven nas parroquias que teñen problemas realmente graves; os problemas que se derivan normalmente de cando a xente vive dun xeito un pouco apretado e non teñen lugares doados para estudar os rapaces e rapazas.

Paréceme unha necesidade social evidente da que nós vimos falando dende hai bastantes anos e polo tanto, na miña opinión, o Goberno municipal debera recoller a suxestión de que se faga un plan integral de lugares públicos para estudo. E doulle ademais outra suxestión: paréceme que os colexios públicos están a pechados polas tardes e podería ser unha solución aínda con menos investimento en moitos casos do que di o Sr. Domínguez Olveira.

Votamos a favor da súa moción e queden esas suxestións á Xunta de Goberno Municipal por se o estiman oportuno abordar, se queren axuda dos demais grupos con moito gusto ofrecémoslle a nosa, para facer un plan integral de lugares de estudo na cidade.

SR. ARIAS MOREIRA: O noso grupo vai votar a favor desta iniciativa que nos parece que vai na dirección correcta, da tendencia internacional que se impoñe e non só nas bibliotecas universitarias, a extensión dos horarios para uso nun maior número de horas das instalacións bibliotecarias.

Como dende que eu estou aquí é a primeira vez que aparece nun Pleno a biblioteca central, só quixera anotar que deberamos tomalo como unha chamada de atención dos problemas que esta a ter neste intre a biblioteca central que coido que son bastante graves e deberamos tomar toda conciencia destes problemas porque é unha peza fundamental para unha política cultural nesta cidade.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O Partido Popular está de acordo coa proposta do BNG. Coido que o tema bibliotecario é unha inxerencia de todos os grupos municipais pero quizais para estudar a problemática que presentan as bibliotecas sería conveniente, como xa sinalou o Sr. Soto, un estudo sobre a situación bibliotecaria da cidade que aportase datos sobre poboación e territorio, recursos actuais, titularidade dos recursos actuais para

determinar as administracións e as xentes que deben participar na configuración da nova rede municipal de bibliotecas, hábitos socio-culturais e mobilidade porque habería que pensar en achegar as futuras salas de estudo a zonas de máxima concentración e poboación xuvenil.

Pero ese estudo necesita para a abordar cuestións como son o volume real da demanda, a definición e a cuantificación orzamentaria dos elementos básicos de cada sala de estudo e a distribución territorial.

Ademais deben implicarse neste tema á Universidade de Vigo, non hai que esquecer que a nosa Universidade quizais é a principal productora dos usuarios deste tipo de salas de estudo e mesmo ten na antiga Escola de Comercio, na actual Escola Universitaria de Estudos Empresariais, a biblioteca que se abre como sala de estudo dende as 10 da noite ata as 3 da mañá, aínda que os datos reflicten que a partir das 12 ou 1 da mañá xa baixa bastante o número de usuarios. Pero é importante implicar á Universidade de Vigo porque é a que determina, xunto cos opositores, quen utilizará máis esta sala de estudo.

Por isto no Goberno Municipal xa falamos e encargamos ó Valedor do Cidadán un estudo sobre a situación bibliotecaria da cidade. Don Luis Espada, quen xa fixo varios estudos nesta materia, é a quen lle encargamos este estudo e nel participará como comisión asesora o director da Biblioteca Central, o director da Biblioteca Central da Universidade, o bibliotecario da Casa Galega da Cultura e ademais se incorporarán outras institucións que teñen bibliotecas abertas na nosa cidade.

SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Primeiro quero agradecer o apoio á moción de todos os grupos e por suposto as suxestións. Só quixera indicar que me parece excelente e xa dende aquí a miña aprobación polo encargo de facer un estudo sobre a situación bibliotecaria; parécenme excelentes as suxestións do Sr. Soto de que hai que buscar máis alá do propio centro.

O único que pediría é que, paralelamente a que se inicie ese estudo e ese plan integral, que se poñan xa en marcha unhas medidas que non implican que non podamos facer o outro e esas medidas son, como dicía na moción, falar con Caixanova, co Mercantil, coas bibliotecas da cidade; iso é moi simple e doado de facer para que xa, inmediatamente, porqué non a semana que ven, se poida chegar a esa ampliación de horarios igual que na nosa Biblioteca Central.

Paralelamente a iso que se fagan todos os estudos e que se busquen ubicacións para salóns de estudo pero coido que hai algo urxente e necesario que se pode acometer sen prexuízo de algo que nos parece moi importante como é que se acometa dunha vez por todas ese plan integral de bibliotecas, esa rede de bibliotecas, traballo que se iniciou xa nesta mesma lexislatura cando tiñamos a concellería de Cultura.

SRA. ALCALDESA: Tendo en conta que ese estudo xa está en marcha, imos votar a moción que se lle vai dar o carácter de urxente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, sobre ampliación de horarios na Biblioteca Central e creación de salas de estudo no centro da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (30).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE CONTINUACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO ELDUAYEN DE INFORMACIÓN Á SOCIEDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xaneiro, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Fernández Davila, formula a seguinte moción:

"O día 11 de xuño de 2003, inaugurouse oficialmente o denominado "Centro Elduayen de Formación á Sociedade" un centro municipal destinado a achegar Vigo á tecnoloxía da información e da comunicación (TIC), instalado no coñecido "Edificio Asefal".

A través dun convenio, este centro conta con Telefónica como socio tecnolóxico no que se apoia toda a infraestrutura informática. Ocupa 500 m2 e dá servizo, polo momento, a 82 ordenadores contando con tres liñas premium de alta velocidade, polo que sabemos as únicas basculadoras que actualmente existen na cidade.

O servizo que se dá poderíamos definilo como multidisciplinar, pois vai, desde cursos de formación até facilitar o acceso dos cidadáns á informática como ocorre no "Centro Navegaweb" que ocupa dúas grandes salas de 200 m2, contando con servizos complementarios, tendo Telefónica a obriga de ceder horas de balde de uso ó Concello para potenciar o feito no centro de

formación, sendo os prezos xerais para acercar o uso dos e das cidadáns, por debaixo da media dos centros semellantes en Vigo .

As aulas de formación, outros 200 m2, consisten en aula xeral, aula de ordenadores, aula virtual con conexión ó INAP, salas de profesores e servizos preparados para persoas con dicapacidade, están dotadas todas elas con liñas de alta velocidade e conexións centralizadas, así como unha aula de video-conferencia dotada de tecnoloxía base, podendo acceder a ela todos aqueles colectivos autorizados polo Concello así como os funcionarios e funcionarias municipais para a impartición de cursos de formación. Ninguén dubida da importancia e necesidade das TIC na administración do século XXI.

Este centro asegura o acceso universal a estas novas tecnoloxías e parte da súa actividade vai dirixida a concienciar da existencia da brecha dixital e facer que a administración electrónica poida ser a administración de todos e todas. Puntos esenciais do novo plan continuación de INFON XXI.

O convenio con Telefónica garante unha Macro Aula de Formación con gran dotación tecnolóxica e serve de ponte de partida para dinamizar as accións máis próximas como nos centros cívicos, asociacións de veciños etc.

Consideramos oportuno facer este resumo das actividades e utilidade deste centro de formación da sociedade dado que, o goberno municipal ten manifestado a súa decisión de non continuar a manter o alugueiro do "edificio Asefal", que como decimos máis arriba é onde está instalado.

Nos últimos días téñense feito manifestacións por parte da Alcaldía da vontade de buscarlle alternativa de ubicación ás outras entidades que hoxe teñen as súas instalacións no mesmo edificio; Consulado de Arxentina, Fundación Casares, Centro de Estudos Vigueses, pero nada se di do que vai pasar con este Centro de Formación, cuestión que nos preocupa porque, ademais do grande investimento económico realizado, a través do convenio con Telefónica é un grande investimento social, non só polo que xa levamos exposto, senón porque na actualidade son moitas as persoas que se achegan ó Centro Navegaweb para manter comunicacións, mesmo coas súas familias, nomeadamente os emigrantes.

Dado que a creación deste centro debeuse á demanda existente, non continuar mantendo aberto o "Centro Elduayen de Formación da Sociedade" sería eliminar un importante e grande servizo municipal á sociedade, así como tirar ó lixo o investimento económico e tecnolóxico realizado, que de acordo co convenio asinado, corre a cargo de Telefónica, así como o seu mantemento, tendo o Concello que se facer cargo nada máis que do aluguer do local.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG, socita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Continuar coas actividades que se están a realizar no Centro Elduayen de Información á Sociedade, mantendo o convenio asinado actualmente con Telefónica."

DEBATE.- SRA. FERNANDEZ DAVILA: Presentamos esta moción que está relacionada co centro que nestes momentos está a funcionar no que coñecemos

como edificio Asefal e que é o centro de formación á sociedade, coñecido como centro Elduayen de Formación á Sociedade.

Este centro creouse como resposta á demanda existente na nosa cidade o 11 de xuño pasado a través dun convenio con Telefónica que é o socio tecnolóxico no que se apoia toda a infraestrutura que ten este centro, mesmo o mantemento, etc.

Ocupa 500 m2 e dá servizo polo momento a 82 ordenadores contando con tres liñas premium de alta de velocidade que nestes momentos e logo de diferentes averiguacións, nós sabemos que son as únicas que existen na nosa cidade.

O servizo poderíamolo definir como multidisciplinar pois vai dende cursos de formación ata facilitar o acceso ós cidadás á formación como ocorre coa sala que conta con navegaweb e que ocupa dúas grandes salas de 200 m2, contando con servizos complementarios e tendo Telefónica, como xa dixen, a obriga de ceder horas de balde de uso deste servizo ó Concello para potenciar o feito no centro de formación, sendo así mesmo os prezos xerais para uso de todos aqueles cidadáns que tiñan a ben utilizalo, por debaixo da media dos centros semellantes existentes en Vigo.

As aulas de formación son outros 200 m2 cadrados e incido nas instalacións e nos metros que alí existen porque evidentemente e eu puiden comprobalo, son unhas instalacións que non só é cuestión de espazo senón de como foron adaptadas e do investimento que alí se fixo para que estas salas estiveran nas mellores condicións para facer o traballo que se está a desenvolver.

Ademais de ter estas instalacións as aulas xerais para os ordenadores, teñen tamén aulas específicas para profesores, aula virtual con conexión ó INAP e ademais o centro está perfectamente adaptado para poder ser utilizado por persoas con discapacidade.

O centro asegura o acceso universal a estas novas tecnoloxías por parte de todos os cidadáns e está dirixido a concienciar da existencia da brecha dixital e facer que a administración electrónica poida ser a administración de todos e todas. Temos que nos dar de conta do que representa nestes momentos toda esta cuestión electrónica e mesmo para información ós cidadáns dende o propio Concello de Vigo.

O convenio con Telefónica garante unha macro aula de formación con gran dotación tecnolóxica. Lembrar que non só se fan cursos para o propio persoal deste Concello, senón que tamén se fan cursos conveniados con outras asociacións, tanto do movemento social veciñal, etc. da nosa cidade,

que realmente están sendo moi importantes. Estes cursos, sendo do mesmo convenio, unhas veces se imparten no propio Centro Elduayen e outras nas diferentes asociacións.

Por tanto consideramos oportuno facer esta breve introducción das actividades que se teñen no Centro Elduayen porque, a pesar de todo o que se está a facer, tanto de cursos de formación que como dixeron non só están relacionados co propio persoal do Concello, senón que se está a facer un gran traballo en distintas asociacións, mesmo a través deste convenio de Telefónica de distribucións dun importante nivel de ordenadores en distintas asociacións para dende elas facer estes cursos de formación e este achegamento ó mundo dixital por parte dos veciños e veciñas de Vigo, e apesar de que a estas alturas xa deben ser máis de 1.500 persoas as que utilizaron este servizo de xeito individual, e eu dende que visiten este centro por primeira vez, sempre procuro cando paso pola rúa Elduayen botar unha ollada as distintas horas e efectivamente comprobo que sempre hai usuarios no centro, usuarios que ademais do que representa o tema da información ou da formación, e mesmo moita xente está utilizando ese servizo de Elduayen para se comunicar con todo tipo de persoas e fundamentalmente estamos a comprobar que é un servizo importante para os emigrantes comunicarse coas súas familias no exterior.

A pesar de todo isto pensamos que non está suficientemente divulgado o servizo o que significaría que cunha maior divulgación, os usuarios individuais que poden acceder serían moitos máis, o que nestes momentos é importante.

Presentamos a moción porque dende hai algún tempo fálase da intencionalidade do Goberno municipal de non continuar co aluguer que neste momento hai establecido co que se coñece como edificio Asefal. Ó mesmo tempo que se fala disto, hai algunhas declaracións, concretamente da Alcaldesa, respecto de buscar unha nova ubicación para outras entidades que existen e que neste intre están nese edificio Asefal; fálase practicamente de buscar unha nova ubicación a todas ou en todo caso continuar o convenio. Non sei o que o Goberno municipal hoxe dirá respecto desto pero iso foron manifestacións públicas mentres que non temos escoitado absolutamente nada respecto do Centro Elduayen.

Non sabemos se o Centro Elduayen de información á sociedade vai continuar neste mesmo edificio; se o Concello pensa continuar co convenio e co

servicio nou tro lugar ou pensa mesmo non continuar co servico, por iso nos parece importante presentar a moción neste Pleno.

A moción evidentemente ten como finalidade que o Goberno municipal garanta a continuación das actividades que hoxe se están a realizar no Centro Elduayen da información e que continue a manter o convenio asinado actualmente con Telefónica.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Estamos totalmente de acordo coa idea do BNG pero tamén pensamos que había que buscar un local novo e sobre todo que fora no Casco Vello para así poder rehabilitar dunha vez por todas esta zona. Pensamos que é a zona idónea para este tipo de actividades pero de calquera feito imos votar a favor.

SRA. GRAÑA BARCIA: Compartimos a inquedanza pola incorporación das novas tecnoloxías á vida cidadá, sen embargo o mesmo obxectivo pode xestionarse baixo diferentes criterios, en concreto quixeramos facer varias manifestacións.

En primeiro lugar unha valoración sobre a utilización real do Centro Elduayen. Non só o número de usuarios, porque a cifra antes aportada de 1.500 non nos está a aportar as horas de utilización, momentos concretos ou distancia media que pode existir entre o domicilio e o centro respecto deses usuarios. Cremos que para facer unha valoración, non sobre a conveniencia do citado que é incuestionable, senón sobre as condicións ou a ubicación do mesmo deba aportarse todo ese tipo de datos.

É máis, no seu momento subscribiuse un convenio con Telefónica; neste intre a liberdade tarifaria que existe pode producir que haxa outras compañías que poidan ofertar mellores tarifas para un servico deste natureza.

É tamén difícil as veces garantir a permanencia dun servico cunha aceptación xeral cando tra-lo mesmo o que existe é un contrato de aluguer que vai obrigar á súa negociación periodicamente.

Por último cabe sinalar que o Concello non só está asumindo o custo do aluguer, senón que asume un custo de subministrados e de mantemento.

Por todo isto propoñemos a seguinte emenda: debe estudarse a reubicación noutros locais municipais dun servico desta natureza e tamén deberá valorarse a conveniencia que exista un servico concentrado único, como é o presente suposto, ou ben a desconcentración do mesmo en distintas ubicacións.

SR. LOPEZ-CHAVES CASTRO: Sobre este tema só facer tres indicacións. É intención do Goberno a vontade de continuar coas actividades que se desenvolven no Centro Elduayen, mellorando o que fose preciso, negociando o que fose necesario pero que non se deixe de prestar o servizo.

En segundo lugar non é intención deste Goberno desaloxar do edificio Asefal ás entidades que alí están, polo menos mentres non se lles atope unha ubicación, por tanto continuaría o contrato de aluguer do edificio Asefal e mesmo no proxecto de orzamentos do ano 2004 está contemplada a contía suficiente para o arrendamento do edificio durante todo o ano 2004.

SRA. FERNANDEZ DAVILA: escoitei o que dixeron pero non me quedou clara a posición sobre a moción do Grupo Popular. De todos os xeitos só dúas puntualizacións a respecto das consideracións que facía a voceira do grupo Socialista no que atinxe á liberdade de tarifas de prezos.

O convenio faise con Telefónica aínda que se puido facer con outra empresa, pero cando se fixo entendeu-se que eran as mellores condicións. Eu dicía antes que á parte desas horas de balde que pode usar o Concello este servizo, os prezos do mesmo son moito máis baratos que calquera outro servizo que exista hoxe na nosa cidade, co cal quero entender que evidentemente se fixo un convenio do mellor naquel intre, independentemente que se poida mellorar.

A respecto da descentralización nestes momentos tamén existe porque eu tamén comentaba que existe unha descentralización a través por exemplo dos centros cívicos ou asociacións de veciños que son a través do propio convenio que ten o Concello con Telefónica, que non só está no subministro de ordenadores, senón nunha programación de cursos de formación.

En canto ó custo de mantemento, polo coñecemento que teño de cómo funciona o centro, o mantemento corre a cargo do convenio con Telefónica, é dicir, é Telefónica quen corre cos gastos de mantemento e subministración, incluído o persoal que diariamente atende nas horas de atención ó público do propio centro. Posiblemente me falte algún dato para a miña información pero polas miñas visitas e o coñecemento que eu teño dos departamentos do propio Concello, o mantemento e a subministración corresponde a Telefónica a través do convenio.

Polo tanto mantemos a moción tal como a presentamos.

SRA. ALCALDESA: Imos votar a favor. Nós non estamos por acabar con ningún servizo senón todo o contrario, en todo caso queremos melloralos. Se se poden aforrar cartos por suposto que imos aforrar e se se poden buscar outras ubicacións para algunhas das institucións que están alí tamén imos buscalas pero tamén é necesario lembrar a forte inversión que se fixo, por iso pensamos que temos que a votar a favor independentemente das fórmulas que se busquen para aforrar cartos no futuro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón e a Presidencia, e oito abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Cenicerós e Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Fernández Davila, sobre continuidade das actividades impartidas no Centro Elduayen de Información á Sociedade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (31).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE DOTACIÓN DE SERVICIOS EN MATERIA EDUCATIVA, DEPORTIVA E DE ESPARCEMENTO NO POLÍGONO 1 DO PERI II-12 A FLORIDA B.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xaneiro de 2004, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

“De todos e todas é sabido a grande necesidade que ten a cidade de Vigo de contar con máis prazas públicas de educación infantil.

No anterior mandato no Concello de Vigo puxéronse en marcha dúas novas escolas infantís en Lavadores e en Teis, aínda así os datos que se teñen indican que hai aínda unha importante diferenza entre as prazas privadas que se ofertan e as públicas.

A zona comprendida entre a Avenida de Castelao, Florida e Manuel de Castro é unha zona que medrou grandemente en poboación sobre todo xóve, onde se abriron novos viais e novas urbanizacións.

Dentro do Polígono 1 do PERI II-12-A Florida B atopanse uns terreos de aproveitamento municipal xunto cunha construción tamén de aproveitamento municipal que serían ideais para dotar a ese ámbito dos servizos tan necesarios en materia educativa, deportiva e de esparcemento.

Analizando os metros cadrados existentes e a configuración da zona, expresada xa con planos realizados polos técnicos municipais, vese a completa viabilidade para dotar á zona con:

- Unha escola infantil pública (que se podería conveniar coa Consellería de Educación)
- Unha pista deportiva multiusos aberta.
- Unha piscina cuberta de 25 metros (pódese incluír no convenio de infraestruturas deportivas Xunta-Deputación-Concello)
- Unha zona de xogos infantís.

Sen dúbida ningunha pensamos que estas dotacións darían un grande impulso a esta zona e cubrirían unhas demandas moitas veces manifestadas polos propios veciños e veciñas.

Por todo o exposto esta concelleira presenta diante do Pleno para a súa aprobación o seguinte acordo:

Que se inicien por parte do Goberno municipal os trámites necesarios para a realización de:

- Unha escola infantil pública
- Unha pista deportiva multiusos aberta
- Unha piscina cuberta de 25 metros.
- Unha zona de xogos infantís.

no ámbito que se sinala no plano adxunto dentro do PERI II-12-A Florida B."

DEBATE.- SRA. MARTINS VILANOVA: Durante a etapa ó fronte da concellería de Educación do BNG levouse adiante o plano de escolas infantís que comprendía a posta en marcha, nun prazo escalonado, de doce escolas infantís para o tramo de cero a tres anos de idade.

Iste plano levouse adiante precisamente para dar resposta á necesidade de prazas públicas en educación infantil, unha necesidade que cada vez se ve máis agudizada sobre todo polo feito do cambio social que supón a incorporación dos dous membros da parella ó traballo fóra da casa.

Entendemos que é a Administración quen ten que poñer as medidas e a solución á problemática que de todo isto se deriva e consideramos que, dentro do polígono I do PERI II da zona da Florida, entre Avenida Castelao,

Florida e Manuel de Castro, é unha zona ideal para contemplar unha dotación deste tipo xa que medrou moito en poboación, sobre todo xóve, e hai novas urbanizacións na zona.

Analizando os metros cadrados que alí existen, vemos que hai uns terreos de aproveitamento municipal, xunto cunha construción tamén de aproveitamento municipal de 620 m², aproximadamente, que sería ideal e solicitamos que aí se dote cunha escola infantil pública, unha pista deportiva multiusos aberta, unha piscina cuberta de 25 metros e unha zona de xogos infantís.

SR. SOTO FERREIRO: É difícil non estar de acordo co contido desta moción e sen embargo nós imonos abster porque en primeiro lugar hai temas de legalidade que están pendentes de se solucionar neses lugares e polo tanto ata que non haxa unha solución definitiva non quereríamos poñer en risco calquera investimento público que aí se teña que facer.

A máis diso porque estamos a piques de facer un orzamento municipal e ou empezamos facer mocións de investimento municipal, ou empezamos a parcelar os criterios, ou realmente estamos tratando entre todos os grupos os orzamentos municipais.

Paréceme que aí é onde temos que priorizar porque se nos comprometemos a votar isto ¿significa que non facemos outras cousas se non hai máis cartos ou cómo redistribuímos iso? Por tanto daí a abstención porque estando de acordo co fondo do que di, pola forma do tempo e por cuestión de legalidade imonos abster.

Casi me atrevería pedirlle que, se teñen esta idea e queren facela xa, é dicir, queren que os orzamentos prioricen este investimento sobre calquera outro da cidade ou non, leven isto ó marco da discusión orzamentaria e aí, se realmentes estas son prioritarias sobre outros lugares da cidade, nós estamos dispostos a aprobarllo.

Agora mesmo non temos un anteproxecto municipal no seu conxunto que nos diga cales son as prioridades de investimento e se isto toca ou non toca. Votar cousas que non se van facer paréceme que sería crear expectativas diante da sociedade que logo non se corresponden coa realidade e a min non me gusta ese xeito de facer política.

Esa é a nosa explicación da abstención e síntoo porque o fondo do tema si que merece estudialo con cariño e se se fai nese marco nós estaremos encantados de apoialo.

SR. RUIZ CENICEROS: Pola nosa banda confirmar que o plan especial da Florida comprende no polígono I tanto unha entreplanta de propiedade municipal de máis de 600 m2, así como un solo con destino a dotación deportiva de máis de 1000 m2. Ese uso está destinado no Plan Xeral a que sexa en espazo descuberto, non cuberto, co cal a construción dunha piscina cuberta requiriría que este Pleno aprobase a modificación dese uso dotacional público que está previsto e está así permitido pola Lei de Ordenación Urbanística de Galicia.

Nese sentido no plan de piscinas que tiña o anterior goberno, o 14 de outubro do pasado ano a concellería de Deportes requiriu á Xerencia de Urbanismo para que iniciase ese expediente de modificación do uso dotacional deportivo. O expediente xa está iniciado e requirimos ó concelleiro de Urbanismo para que o retome para levar a cabo a moción presentada polo BNG que neste caso o Grupo Municipal Socialista, no que é retomar un traballo que iniciara e que estaba previsto nos orzamentos, vai votar a favor.

SR. FIGUEROA VILA: O noso grupo vai votar a favor. Como idea parécenos correcta, o único é que os trámites legais oportunos se poñan en marcha e punto, é o que procede nestes intres. Nós imos votar a favor porque nos parece que a proposta é de interese para todos os cidadáns.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecinco votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, sobre dotación de servicios en materia educativa, deportiva e de esparcemento no polígono 1 do PERI II-12 A Florida B, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (32).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ÍNDICES CORRECTORES NA
PONENCIA COMPLEMENTARIA DE VALORES CATASTRAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xaneiro de 2004, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, formula a seguinte moción:

"A Subxerencia Territorial do Catastro de Vigo, en aplicación da lexislación vixente, ten posto en marcha nos últimos meses a redacción dunha ponencia de valores catastrais complementaria para a nosa cidade.

Como se sabe, as ponencias de valor catastral vixentes no noso Concello aprobáronse polo Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Vigo en sesións realizadas nos anos 1984, 1986, 1987, 1988 e 1989. Nelas recolléronse os valores, índices e criterios de valoración en orde a obter o valor catastral dos bens calificados tributariamente de natureza urbana.

Por outra banda, o Plan Xeral vixente no Concello de Vigo elaborouse posteriormente ás ditas ponencias e trouxo consigo que determinadas zonas da cidade sufriran cambios de calificación urbanística, convertíndoas a efectos fiscais en solos de natureza urbana. Dita transformación non tivo efectos reais ó se-las ponencias anteriores ó planeamento: sen dúbida a redacción da ponencia complementaria, que permita a corrección da actual situación, está plenamente xustificada.

Agora bien, o desenvolvemento do planeamento secundario derivado do Plan Xeral vixente, ten sido irregular; dando lugar a que áreas definidas como solo urbano non consolidado (SUNC) e como solo urbanizable (SU), que precisan para o seu desenvolvemento da redacción e aprobación dun plan parcial, non foron obxecto de ningunha das formulacións urbanísticas denantes citadas, provocando a imposibilidade para os cidadáns afectados de efectiviza-los seus dereitos urbanísticos.

Resulta evidente que baixo as anteriores circunstancias cómpre adopta-las medidas precisas para que a aplicación da dita ponencia complementaria, necesaria dende o punto de vista da aplicación do principio de equidade tributaria, non provoque situacións de trato inxusto en razón das situacións descritas. Como a presente ponencia se redacta de acordo coas normas da ponencia do ano 1989 e de confirmidade coas normas técnicas contidas nas Ordes ministeriais do 3 de xullo de 1986, propoñemos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación do Concello de Vigo, en relación coa ponencia complementaria de valores catastrais posta en marcha pola Subxerencia Territorial do Catastro de Vigo e para a determinación dos novos valores, acorda impulsa-la aplicación dos seguintes índices correctores:

1.- Para o caso de solos urbanos de ámbitos sometidos a suspensión de licencias ou ámbitos nos que non se teña formulado e aprobado definitivamente o correspondente plan especial, aplicarase o coeficiente H de "ineficabilidade temporal" contido na Regla nove de coeficientes

correctores do valor do solo, que permite a aplicación do coeficiente 0,6 respecto ó valor que correspondera de non existi-la afección.

2.- No caso dos ámbitos de solo urbanizable que non teñan aprobado definitivamente o plan parcial, aplicarase o coeficiente P de "fincas afectadas por situacións especiais" contida na Regla dezaseis de coeficientes correctores, que permite a aplicación do coeficiente 0,8 mentres persista a situación."

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: Nos últimos meses a Subxerencia Territorial do Catastro de Vigo está a poñer en marcha unha ponencia complementaria de valores para todo o territorio municipal, asunto que nos parece adecuado porque a última ponencia de valores databa do ano 89 e non incluía terreos xa calificados no plan do 93 como urbanizables ou urbanos.

Polo tanto parécenos unha actuación adecuada pero entendemos que tal como se presenta a ponencia trae consigo un tratamento inxusto de moita parte das persoas afectadas por este cambio de clasificación urbanística do solo en razón de que, se ben están clasificados urbanisticamente, como por exemplo solos urbanizables, a realidade é que son bolsas de solo urbanizable absolutamente ineficaces. Dito doutro xeito, as persoas que teñen propiedades nesas zonas non poden efectivizar o seu dereito urbanístico de ningunha das maneiras.

Con ese obxectivo, o obxectivo de minorar, minguar, facer máis viable a posta en marcha da dita ponencia complementaria, propoñemos ó Pleno que impulse ante o Catastro, porque nós non temos capacidade de decisión, a aplicación de dous índices correctores a solos urbanizables e a solos urbanos que son os que expoñemos nos puntos 1 e 2 da nosa moción, son os coeficientes H e P que xa estaban nas normas de redacción das ponencias do ano 86, polo tanto son perfectamente aplicables porque segue a ser esa normativa a que dá luz á emisión da nova ponencia complementaria.

SR. SOTO FERREIRO: Pensamos que a aprobación desta moción depararía maior xustiza no tema impositivo. A min paréceme obvia a súa explicación, realmente unha cousa son expectativas de beneficio e outra son as posibilidades reais de exercita-los beneficios, polo tanto coido que a maior carga impositiva debe ser efectivamente cando o beneficio pode realmente obterse. Nós estamos totalmente de acordo e imos votar a favor desa petición ó Catastro.

SRA. GRAÑA BARCIA: Anticipamos o noso voto a favor. Compartimos a necesidade de recoñece-la realidade urbanística do solo na ponencia de valores, se ben estimamos que dada a complexidade técnica que conleva este asunto, onde mesmo poden xurdir dúbidas sobre a aplicación das normas técnicas do ano 1986 ou ben do ano 1993, que con carácter previo á instancia diante da suxerencia do Catastro, por parte dos servicios técnicos municipais se emita informe relativo a cal sería no seu caso aqueles coeficientes que estimen deben proceder.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Bos días a todos e gracias a don Xabier pola presentación da moción. Os servicios económicos do Concello xa fixeron esta valoración e nós facemos nosa a moción do BNG. De feito xa consignamos nos primeiros borradores do orzamento do ano 2004 e detraíramos dos posibles ingresos 450.000 euros por esta razón, obviamente asesorados polos servicios económicos do Concello.

Como xa explicaron tanto o Sr. Toba como o Sr. Soto, parécenos de toda xustiza e por tanto imos votar a favor.

SR. TOBA GIRÓN: Non teño inconveniente á proposta da Sra. Graña de que evidentemente a proposta que ó final saia para o Consello Territorial sexa supervisada polos técnicos municipais como non pode ser doutro xeito.

SRA. ALCALDESA: Vótase dar traslado á ponencia do Catastro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aproba-la moción formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Toba Girón, sobre aplicación de índices correctores en relación coa ponencia complementaria de valores catastrais posta en marcha pola Subxerencia Territorial do Catastro de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (33).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á LICITACIÓN DE PROXECTOS DE AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN ZAMANS E VALLADARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de xaneiro de 2004, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"A pesar das múltiples peticións e acordos acadados dende o ano 2001 coa Xunta de Galicia (Consellería de Política Teritorial e agora coa de Medio Ambiente) por mediación de Augas de Galicia, para a execución dos proxectos de saneamento nas parroquias de ZAMANS, VALLADARES e BEADE, só o da parroquia de BEADE foi licitado, quedando pendentes as anteriores.

Temos acadado acordos plenarios unánimes da Corporación (28.10.02 e 31.03.03, iste de compromiso de elevación de tarifas, como obriga imposta polo artigo 9.f do Decreto 84/97 do 10 de abril, de colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas entidades locais) para esixir o cumprimento íntegro dos proxectos mencionados, coidamos que o esforzo tanto económico como de xestión que nos últimos dez anos temos feito os cidadáns de Vigo e o Concello, para cumprir os prazos que as Directivas Europeas nos impoñen en materia de depuración e saneamento, merecen cando menos un esforzo equivalente da Xunta e que o día de hoxe non se está a dar.

Cos antecedentes expostos, propomos ó Pleno da Corporación ó seguinte acordo:

1.- Instar a Xunta de Galicia por mediación da Empresa Pública Augas de Galicia a licitar os proxectos seguintes:

- Ampliación do saneamento en Zamans-Vigo cun orzamento de 2.631.884,10 euros.
- Ampliación do saneamento en Valladares-Vigo cun orzamento de 2.811.035,31 euros.

2.- Dar traslado ó Sr. Presidente da Xunta deste acordo."

DEBATE.- SR. FERNANDEZ FERNÁNDEZ: Esta moción só ten o significado de recoñecer o traballo realizado no Goberno anterior por compañeiros desa Corporación que fixeron posible unha inversión en saneamento da orde dos 24 millóns de euros por conta do Concello. Fíxose un investimento enorme na rede perimetral, no saneamento do periurbán de Vigo e neste momento quedan pendentes de negociación dúas licitacións cos proxectos xa postos á disposición da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e, porque sabemos que se as cousas non se presionan pódense esquecer con bastante facilidade, coidamos que Zamáns e Valladares, as parroquias limítrofes polas que se subministra a través delas a auga a esta cidade, merecen rematar o seu saneamento.

Este investimento supón equitativamente o mesmo custo que fixemos dende Vigo co perimetral e se dende o ano 93 esta cidade leva investido máis de 126 millóns de euros, estamos falando dunhas cantidades que superan calquera previsión económica que non tivera unha constancia no esforzo dos cidadáns de Vigo en que é a cidade con maior saneamento posible dentro de Galicia, coidamos que é necesario que a Xunta colabore equitativamente sacando xa a licitación estas dúas obras.

A proposta é instar á Xunta de Galicia por mediación da empresa pública Augas de Galicia a licitar os proxectos de ampliación do saneamento en Zamáns cun orzamento de 2.631.884,10 €, e ampliación do saneamento en Valladares cun orzamento de 2.811.035,31 €. Nun segundo punto dar traslado ó Sr. Presidente da Xunta do acordo, e isto para que teña a eficacia que espero que lle poida dar e digo isto porque ó longo destes anos, o mero feito de cambiar as competencias de Augas de Galicia dunha consellería a outra, nalgúns momentos retrasou a posibilidade de licitación e de facer que estes trámites foran coa velocidade adecuada.

Por iso, tendo acordos plenarios que así o sustentan e ademais acordos entre o Concello de Vigo e a Xunta para os facer posibles, só Beade foi quen de se quitar a concurso.

Esta é a proposta que facemos e esperamos contar co seu apoio.

SR. SOTO FERREIRO: Paréceme oportuna e intelixente a proposta do Sr. Fernández, coido que unha cousa é que algo estea aprobado e outra é que se faga e proba delo é que isto xa ven tarde e inda por riba agora mesmo non hai ningunha explicación obxectiva do porqué non se teñen acometido as licitacións públicas, polo tanto dar esta petición amable e esta presión non tan amable dende Pleno da Corporación para lles dicir que liciten xa, paréceme moi oportuno e claro está que votamos a favor.

SR. BARROS PUENTE: O noso grupo está tamén de acordo con esta moción por dúas razóns fundamentais: non só os acordos plenarios xa tomados, que por certo incluían unha serie de compromisos en canto á elevación de tarifas, senón tamén porque queremos evitar que este país sexa un país de fosas sépticas.

Entendemos que a primeira prioridade dun Goberno é poñer en marcha as iniciativas que son susceptibles de continuar o seu trámite, que non deben

padecer a interrupción dun proceso político e en segundo lugar aquelas iniciativas que son compartidas unanimemente por toda a Corporación.

Por tanto este labor de impulso coido que debe ser agradecido polo Goberno e non debe prexudicar en modo ningún unhas relacións deste nivel co nivel de responsabilidades políticas da Xunta de Galicia senón máis ben todo o contrario.

SR. IGLESIAS CARRERA: Vou comezar por sinalar que estou de acordo, coido que ten que ser un obxectivo de todos os grupos políticos de Vigo acabar coas fosas sépticas, que antes eran pozos negros, e a carón deles estaban os pozos de auga e que así truxeron tal cantidade de enfermidades como o cólera en Cabral, que eu aínda me lembro.

D. Amador, dos fondos de cohesión quedan dos millóns e medio longos xa fumos requiridos pola Subdirección Xeral de Fondos de Cohesión Europea; están en trámite porque remataba o prazo o 31 de xaneiro e xa se remitíu o proxecto a Madrid.

No resto do saneamento de Valladares e algunhas zonas de Cabral a posta de realmente como debe ser a depuradora penso que en breves días coido que haberá noticias. Non me quero adiantar pero penso que está ben lembrar o que voustedede falou.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Méndez Piñeiro e o Sr. Pérez Castrillo).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, sobre instar á Xunta de Galicia a licitación de proxectos de ampliación do saneamento en Zamáns e Valladares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (34).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE SINATURA DUN PROTOCOLO DE COLABORACIÓN COA EMPRESA AUGAS DE GALICIA, S.A., PARA A SOLUCIÓN DOS PROBLEMAS DE DEPURACIÓN DE VIGO.

ANTECEDENTES.- A concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Porteiro García, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de xaneiro, formula a seguinte moción:

"No verán do ano pasado a estación depuradora de augas residuais instalada ó pé da desembocadura do río Lagares, na parroquia de Coruxo, produciu frecuentes emisións de cheiros insoportables. Esta situación comprobouse polos servicios municipais de Medio Ambiente, Laboratorio e Policía local en reiteradas inspeccións realizadas na planta por denuncia dos veciños.

Dende a concellería de Medio Ambiente púxose en marcha unha investigación interna para determinar a orixe do problema e poder establecer as medidas necesarias para a súa corrección, requirindo ós responsables da empresa concesionaria, "Aqualia. Gestión Integral del Auga, S.A.", para que facilitasen toda a información dispoñible ós técnicos municipais.

Mediante decreto da Alcaldía, constituiuse una comisión técnica para este fin, integrada por funcionarios dos departamentos concernidos. Así mesmo, solicitouse a implicación na resolución do problema da Consellería de Medio Ambiente e particularmente da empresa pública "Augas de Galicia", responsable do deseño e execución dos sucesivos proxectos de edificación da planta e solicitouse asesoramento á Universidade de Vigo.

Os servicios de inspección da Xunta de Galicia atribuíron os malos cheiros a problemas de funcionamento da planta que parecían apuntar á xestión da empresa concesionaria.

Dende o Concello solicitouse reiteradamente da Xunta a súa colaboración para atallar este problema atopando unha resposta negativa á incorporación dun representante autonómico na Comisión de seguimento creada cos veciños, aínda que si se conseguiu o compromiso de que farían un informe sobre as posibilidades de corrección dos cheiros, asumindo que os proxectos constructivos foran sempre da súa competencia e responsabilidade.

En outubro, a concellería contratou, simultaneamente, unha auditoría externa coa empresa Soluziona para determinar o alcance do apuntado pola Xunta no seu día respecto a problemas na xestión e funcionamento da depuradora. Este informe, unido ó que estaba a facer a empresa concesionaria e máis ó prometido por Augas de Galicia, permitirían abordar un plan de acción rápida e de inclusión nos orzamentos de 2004 dos recursos precisos. Así mesmo, comprometeuse a incorporar con cargo ó devandito orzamento os cartos precisos para sacar a concurso unha macro auditoría sobre a capacidade da planta actual, a súa idoneidade para o traballo a realizar e as necesidades que habería que afrontar para chegar depurar correctamente todas as augas residuais e pluviais orixinadas no noso termo municipal.

Tra-lo cambio do goberno na cidade, a Xunta parece disposta a cumprir os compromisos adquiridos do goberno anterior e mesmo a axilizar os prazos das obras a realizar para superar o problema dos malos cheiros, sen poñer pexas ós problemas de financiamento nesta nova etapa de coincidencia do Partido Popular á fronte das administracións local e autonómica.

Sen entrar a valorar o anuncio da chuvia de millóns que se está a facer dende os diferentes ámbitos do Partido Popular -sempre e cando repercutan favorablemente na resolución de problemas enquistados da nosa cidade e para os que antes se lles negou reiteradamente o pan e o sal- consideramos que é este un bó momento para facer un formulamento máis amplo e definitivo da cuestión da depuradora das augas no noso termo municipal."

Polo anteriormente exposto, a Sra. Porteiro García emite a proposta que se contén nos puntos 1 ó 6, ámbolos dous inclusivos, da parte dispostiva deste acordo.

A Sra. Porteiro García procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. ALONSO VAZQUEZ: Como dicía aquela película, "Benvido Mr. Marshall". Que pena que vostedes, os socialistas, non estiveran alí hai tres anos porque hai tres anos teño aquí o que xa presentou Democracia Progresista Galega xunto coa Confraría sobre este tema da depuración. O Partido Socialista, co seu socio natural, votou en contra de todo isto e voulle ler algunhas palabras do que por aquel entón se pedía"

"¿Con qué clase de prelación do gasto actúa o actual goberno municipal? ¿Qué é primeiro, realizar o saneamento de Vigo e da Ría, ou investir mil e pico de millóns de pesetas só na Casa das Palabras e logo o Pazo de Congressos, ou tirar centos e centos de millóns en propagandas innecesarias e outros disparates varios, só para saír na foto? ¡Xa veremos que foto nos fan a todos os vigueses dentro de ano e pico! Porque tanto o BNG como o PSOE seguirán a proclamarse de esquerdas, defensores da ecoloxía e dun medio ambiente limpo e moitos etc., ¡que vergoñento baile de máscaras políticas diante da realidade!"

"Agora ben, cómpre dicir que a causa principal dos problemas dese emisario é porque o sistema de impulsión da depuradora ten graves fallos polo seu deficiente deseño técnico, cousa que agrava os cortes que padecemos no fluído eléctrico (¿e o bio-gas?), o que lle fai producir bolsas de ar con moita frecuencia."

"Asemade, por outro aspecto de mal deseño da depuradora, sofren os veciños da zona, os que por alí temos que pasar e quen nos visita, un fedor nauseabundo porque non se están a desodorizar os efluentes da depuradora. ¿Queren estragar a nosa zona cun cheiro como o de Pontevedra? ¿E o turismo? ¿E nós? ¡Basta!."

"...dos intolerables vertidos industriais que se están a producir en forma de aceites, metais pesados, etc., xa que están a causar graves danos na fauna e na flora da nosa Ría. Vertidos que tampouco deben ser admitidos na depuradora, xa que ningunha depuradora urbana está preparada para purificar esas materias. E mesmo podería chegar a estragarse con elas."

"Cómpre elaborar un programa de obxectivos, cun plan de etapas, para que cheguemos a ter un sistema separador de augas fecais por unha banda e de augas pluviais pola outra, na práctica totalidade do termo municipal."

"Reconstruí-lo emisario submarino adxudicado no seu día pola Xunta de Galicia para a depuradora do Lagares.

"Cómpre construír pequenas depuradoras para o Zoo da Madroa, para o Aeroporto, para a Universidade e para a parroquia de Zamáns."

E así poderíalle ler moito máis, Sra. Porteiro. Hai dous anos tres cartos do mesmo. O único que lle podo dicir é que neste tema imos votar a favor, por suposto, pero propoñería como emenda unha comisión monográfica para debater todos estes temas porque podo dicirlle que eu estou aquí sentado polo tema da depuradora, poderá saber alguén tanto coma min sobre este tema pero máis ninguén.

Vostede sabe que durante o pouco tempo que estivo como concelleira de Medio Ambiente tiveron longas horas con vostedes e penso que lle presentei quince ou vinte denuncias de vertidos, chamábaa todos os días, parece ser que son o único a quen lle preocupa o tema da depuradora. Antes tiña outra táctica, chamaba ó periodista de turno, chamaba á prensa, porque cando eu quixen falar co Goberno hai tres anos e medio déronme coa porta nas narices e algúns, que hoxe están por aquí no goberno, dicían que se había vertidos era porque se atascaban as tuberías con ramas e eu non sei con qué catadura moral se poden hoxe sentar aquí algúns e dicir por aquel entón que era mentira que había vertidos e cheiros.

Cónstame que o Partido Socialista que está sentado aí diante, que son persoas, non as que estaban antes, si se preocupan do tema e ogallá que todos os que están detrás de vostedes fagan o mesmo porque isto é moito máis serio do que a xente pensa. Nós dixémolo hai tres anos, hai dous anos e seguimos a dicilo agora.

Ímoslle votar a favor, Sra. Porteiro, con toda a razón do mundo pero de calquera xeito pensamos que hai que presentar unha emenda que é sentarse os grupos que queiramos, porque hai outros que dixeron sempre non, que non había vertidos e espero que cambien polo ben de Vigo, hai que facer unha comisión monográfica, estudar o tema e planificalo porque nós xa levamos tres anos e pico con el.

SR. FIGUEROA VILA: Non imos falar de antecedentes porque a historia coñecémola perfectamente. A depuradora houbo que a desbloquear por parte

dun goberno, a partir daí se fixo unha inversión, neste momento alguén cuestiona mesmo o proxecto constructivo desa inversión pero coido que agora mesmo o importante e o que nos ten que preocupar a todos os corporativos é resolver os problemas inmediatos da depuradora do Lagares e dun xeito definitivo.

Dende o primeiro día nós vimos traballando e a Alcaldesa, unha das prioridades que tivo nada máis tomar posesión, foi tentar de resolver este problema. Para iso reuniuse cos afectados o primeiro día de traballo, o luns 15 de decembro, visitou persoalmente cos afectados toda a zona e a partir daí constituíse unha comisión de traballo que o día 7 de xaneiro reuniuse co director de Augas, don Emilio García Gallego, co representante da empresa Aqualia, cos técnicos do Concello e tamén coa empresa que construíu a depuradora e a partir daí houbo unha serie de acordos en base a uns informes técnicos elaborados tanto pola comisión técnica, como tamén por parte do estudo da auditoría encargada polo Concello á empresa Soluziona que teñen o compromiso de entregala esta semana e esperamos que así sexa.

De todos os xeitos e para adiantar o traballo os técnicos do Concello puxéronse en contacto coas persoas que estaban a elaborar este informe e xa adiantaron unha serie de cuestión.

Os técnicos reunidos o día 7 trataron de maneira urxente unha serie de cuestións que afectan directamente e que aí hai un informe: do que cabe nos depósitos de fangos, dos cheiros no edificio de pretratamento, tratamento de cheiros no edificio industrial, sistema de disefacción da enerxía na arqueta de reparto dos reactores biolóxicos, pantalla vexetal, independizar reactores biolóxicos, construción dunha nave de transferencias de residuos, etc.

Ese día 7 houbo un acordo que foi o seguinte: 1. Redactar no prazo dun mes por parte da administración hidráulica de Galicia un proxecto constructivo que detalle e valore economicamente as propostas presentadas. 2. O devandito proxecto constructivo remitirase ó Concello de Vigo para a súa análise e aprobación se procede. 3. Á vista do proxecto o Concello e a Xunta de Galicia acordarán as medidas oportunas para levar a cabo as actuacións que resulten.

Ese mesmo día 7 de xaneiro cos técnicos do Concello tivemos unha xuntanza coa comisión de afectados, explicámoslles a xuntanza que tiveramos pola mañá con todo este tipo de acordos.

Esperamos que en custión de días este compromiso que aceptou o director de Augas, agora Administración Hidráulica de Galicia, don Emilio García Gallego, se traía a este Concello, nos manden ese proxecto constructivo coa cantidade económica que a valoración estime oportuna e por iso digo que temos de prazo ata o día 7 de febreiro que foi no que se quedou con Augas de Galicia para nos traer ese proxecto constructivo. No momento que o teñamos daremos conta á Corporación e por suposto ós afectados para que fagan unha revisión dese proxecto.

Nós queremos que neste tema teñamos a máxima transparencia, proba disto é que dende os servicios técnicos do Concello e a petición dos afectados se lles está a entregar documentación sobre o proxecto constructivo da planta. Dende o Goberno e por petición expresa da Alcaldesa queremos que os veciños teñan toda a información e toda a transparencia e por suposto que se hai que esixir responsabilidades, ímolo facer ata as últimas consecuencias.

Por tanto dicimos ós cidadáns, ós veciños e á Corporación que esperamos que nesta semana teñamos noticias dese proxecto constructivo, da súa valoración económica, daremos conta ós membros da Corporación, por suposto no momento en que chegue ese proxecto tamén ós afectados para que opinen e saiban que as cousas se están a facer ben e que neste tema non valen remendos, vale unha solución definitiva custe o que custe e isa é unha prioridade que ten a Alcaldesa e que ten o Goberno.

Anunciamos á cidade que non faremos ningún tipo de investimento ata que teñamos consignado ese diñeiro, veña de onde veña. Se ven da Xunta de Galicia toda aportación económica perfecto, é o que imos tentar, pero se o Concello tivese tamén que aportar algo faríamolo sen ningún tipo de dúbida. É unha cuestión prioritaria para á cidade de Vigo e por suposto teno que ser tamén para o Goberno.

Nós imos votar esta moción porque temos que seguir traballando no tema da depuración que non é só un problema puntual do Lagares, senón que é un tema de futuro a curto, medio e longo prazo para a cidade de Vigo e por suposto que hai que seguir con esa macro-auditoria que nos diga se Vigo necesita outra depuradora, se a que hai está en condicións, se necesita melloras ou non.

Neste tema coido que imos estar de acordo porque á marxe diso se fixeron tamén unha serie de peticións que xa esa comisión técnica no seu día expresou tanto á Xunta de Galicia como a delegación de Sanidade para ver a repercusión que poidan ter todos este problemas que houbo nos últimos anos

para a saúde das persoas e se afecta no futuro ó benestar dos que alí viven. Pensamos que un problema que afecta directamente á saúde das persoas non pode ser doutro xeito que tiñamos a sensibilidade suficiente como para quitalo adiante.

Politicamente non imos facer ningún debate do que pasou ou non. Coido que o Goberno neste momento ten que ter unha acción executiva como é quitar adiante este problema e resolvelo canto antes.

A comisión técnica que se creou sigue a xuntarse todos os martes pola mañá e tamén estamos a disposición dos afectados e dos veciños para calquera información.

Este é un tema prioritario para o Goberno e para a cidade e hai que lle dar solución e nós estamos no camiño de lla dar definitivamente polo tanto esa vai ser a liña na que imos seguir a traballar e en cuestión de horas ou de días esperemos que tiñamos ese proxecto constructivo e que se consigne orzamentariamente para resolver dunha vez por todas este problema.

SRA. PORTEIRO GARCIA: En relación coa intervención do Sr. Alonso, se lle parece e para recoller a súa preocupación e do resto dos grupos, polo menos os que anunciaron o seu voto favorable, incorporaríamos un punto sete que diría: Que se constitúa unha comisión permanente no seo da Corporación por parte de todos os grupos municipais para o seguemento das solucións que se propoñan ou que se consideren pertinentes. Se vostede quere aportar unha votación concreta e sometela a votación, pola nosa parte non hai ningún inconveniente en asumir esa emenda e por suposto incorporala.

En relación coa intervención do voceiro do Goberno me congratula enormemente a disposición que amosa, que continua un labor iniciado que coido que tamén era de todos, en absoluto tentamos de patrimonializar politicamente algo que unicamente pretendía a solución dun gravísimo problema histórico xa desta cidade.

So clarexar, Sr. Figueroa, por se houbera algunha confusión, que no punto quinto, cando falamos dunha comisión técnica para o control e seguimento da concesión, esta comisión non está creada, sería ex-novo; aquí hai unha comisión técnica para o problema concreto dos cheiros. Ista sería unha comisión de seguimento da concesión.

SR. FIGUEROA VILA: Como Goberno estamos dispostos a aceptar esa comisión monográfica e non só iso, senón que estamos dispostos a poñerlle día e

hora, porque nos estamos reunindo cos técnicos de Medio Ambiente de oito e media a nove e media os martes e por tanto invitamos a todos os grupos políticos a que o próximo martes día 3 se incorporen a esta comisión. Están invitados dende este momento todos os grupos políticos a esa comisión de seguimento.

Por suposto que tampouco temos ningún problema en que se a comisión de afectados se quere sumar a esta comisión, invitámoslos tamén porque coidamos que neste tema ten que haber absoluta transparencia. O Goberno está disposto a dar toda a información e a esixir todas as responsabilidades que haxa do pasado, presente e futuro. É un problema que nos afecta a todos e se os que pasamos por alí en momentos puntuais sufrímolo, maxinemos o que é para as persoas que o teñen que sufrir as vinte e catro horas do día.

Invitamos ós veciños a que fagan o seguimento o próximo martes ás oito e media cos técnicos e os grupos políticos para que teñan coñecemento de todo o que está a acaecer.

SRA. ALCALDESA: Quero manifestar que ese proxecto constructivo que se deu de prazo un mes, pola urxencia que lle dimos e que ten o tema, temos coñecemento xa da Xunta de Galicia que se acurtaron os prazos, así que vaise resolver antes.

Emenda formulada polo concelleiro Sr. Alonso Vázquez, do grupo DGP, durante o curso do debate:

Engadir un apartado 7 co seguinte texto: Que se constituía unha comisión permanente no seo da Corporación por parte de todos os grupos municipais para o seguimento das solucións que se propoñan e que se consideren pertinentes.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Castrillo)

Vótase a moción da Sra. Porteiro García xuntamente coa emenda formulada polo concelleiro Sr. Alonso Vázquez.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Que o Concello de Vigo e a empresa pública autonómica Augas de Galicia, SA, asinen un protocolo de colaboración para a solución dos problemas de depuración do Concello de Vigo, no que se comprometan a:

- 1.- Definir e realizar as obras precisas, os recursos económicos e o calendario máis curto posible, para a optimización da planta actual.
- 2.- Realizar á maior brevidade e nunca máis tarde do presente exercicio, unha auditoría xeral da rede de saneamento de Vigo que estudie a necesidade e emprazamento dunha nova estación depuradora e defina a conveniencia ou non, no seu caso, de facer redes separativas de augas pluviais e residuais.
- 3.- Facer cumprir ás empresas residentes no noso termo municipal co previsto na lexislación vixente en materia de depuración de residuos industriais.
- 4.- Comprometerse a que calquera intervención ou solución que se propoña para os sistemas e instalacións precisas para a depuración e tratamento das augas en Vigo se faga mediante métodos que non prexudiquen a ningún elo medioambiental do noso ecosistema, nomeadamente no que se refire á Ría de Vigo e o seu contorno.
- 5.- Que se constitua unha comisión técnica permanente para o control e seguimento da concesión feita no seu día á empresa Aqualia para a xestión da EDAR do Lagares.
- 6.- Que en todos os estudos e propostas que se promovan, se solicite o asesoramento dos expertos da Universidade de Vigo nesta materia."
- 7.- Que se constituía unha comisión permanente no seo da Corporación por parte de todos os grupos municipais para o seguimento das solucións que se propoñan e que se consideren pertinentes.

19.- (35).- ROGOS E PREGUNTAS.

- * PREGUNTA DO SR. PEREZ MARIÑO, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE XESTIÓNS REALIZADAS ANTE O MINISTERIO DE FOMENTO RELATIVAS Á REFORMA DO PROXECTO DO SEGUNDO CINTO.

SR. PEREZ MARIÑO: O pasado 13 de xaneiro, por conducto do Rexistro Xeral, formuleille como voceiro do Grupo Municipal Socialista unha pregunta. Ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime

xurídico das Entidades Locais, coido que está vostede preceptivamente obrigada a respostala.

A pregunta consistía en: Xestións realizadas perante o Ministerio de Fomento e resposta obtida, no seu caso, en relación coa reforma do proxecto que se está a executar para construír o segundo cinto ó seu paso por Valladares, en concreto a reivindicación de que non se afecte en parte a superficie mediante a construción dun túnel.

Como vostede sabe hai unha proposta veciñal por parte das asociacións de veciños das parroquias de Valladares e Matamá para que se substitúa o tramo en trincheira por dobre túnel entre os puntos quilométricos 104 e 106,100.

Como vostede sabe a construción en trincheira supón unha separación de territorios con hocos que chegan sobrepasar os cen metros en superficie entre marxes e profundidades de máis de 40 metros. Supón unha perda de comunicación veciñal a construción en trincheira. Supón unha notable alteración da paisaxe. Supón unha perda de solo utilizable para usos industriais. Supón unha alteración das áreas de habitat da fauna. Supón a creación de bandas de terreos con afeccións legais de protección de vías. Supón expropiación de terreos e edificacións. Supón pendentes lonxitudinais do 7% en subida e baixada no novo vial. Supón importantes volumes de excavación en rocha coas conseguintes voladuras. Supón enormes volumes de excavación total con problemas non resoltos de vertedeiros pouco distantes ou con grandes custos engadidos por transporte a outros máis lonxanos.

Lémbrolle que o artigo 97 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais sinala que as preguntas por escrito serán respostadas polo seu destinatario -vostede, Sra. Alcaldesa- na sesión do Pleno seguinte que é esta á que corresponde. Espero a súa resposta.

SR. FIGUEROA VILA: Ímoslle respostar con moito gusto agora mesmo. A historia de Vigo é a que é. Vostede pertence ó Partido Socialista, encabezou a lista nas últimas eleccións municipais e o seu Partido no ano 2000 propuxo o trazado do segundo cinto que se está a levar a cabo hoxe. Pídalle responsabilidades ó seu Partido porque é o que gobernaba naquel intre ou co-gobernaba.

Por tanto ese trazado que vostedes durante oito ou nove anos retrasaron cando xa había un trazado do ano 95 que sufríu todos os estudos de impacto medio ambiental, etc., no se puido levar a cabo.

O Partido Socialista no ano 2000 fixo unha proposta de trazado a este Pleno que o Partido Popular asumíu porque consideraba que era bo para a cidade, porque non poidamos permitirmonos máis retrasos. Foi votado por unanimidade dos vinteseite membros desta Corporación.

A pregunta fágalla ós membros do seu Partido que foron quen fixeron a proposta porque gobernaban.

Sería impresentable que por parte de calquera goberno nestes momentos, cando hai un trazado aprobado, pasados todos os estudos medioambientais, en estado de execución avanzado, en Vigo se producise outro atraso de catro ou cinco anos. Este Goberno do Partido Popular non o vai permitir baixo ningún concepto. Políticas demagóxicas, oportunistas non as imos permitir baixo ningún concepto, custe o que custe.

Evidentemente que se poden facer todo tipo de xestión, todo é mellorable. Pero neste intre sería impresentable que se voltase producir un retraso dunha obra importante, primordial e fundamental para o desenvolvemento desta cidade. Coido que ningún cidadán permitiría baixo ningún concepto que un goberno retrasase esta obra máis cando levamos preto de dez anos de atraso.

A responsabilidade terá que lla pedir vostede ós seus antecesores no Partido Socialista. Se vostede non ten boa relación, acuda a outras instancias superiores para que lle digan porqué naquel momento fixeron esa proposta.

SR. PEREZ MARIÑO: Sra. Alcaldesa, o artigo 97 do regulamento sinala que as preguntas serán respostadas por escrito.

SRA. ALCALDESA: Vostede sabe, porque coñece o regulamento, que non hai debate.

SR. PÉREZ MARIÑO: Só é unha cuestión de orde, Sra. Presidenta, e pregaríalle que, como di o Regulamento, sen ningún debate resposte as preguntas que, como di o Regulamento, serán expresamente respostadas polo seu destinatario ó que foron. A destinataria era vostede. A pregunta que eu fixen, sen debate ningún, é se vostede fixo algún tipo de xestión co Ministerio de Fomento para este proxecto que todos os técnicos din que é moi mellorable co túnel.

¿Fixo algunha xestión como Alcaldesa da cidade?

SRA. ALCALDESA: Con respecto á pregunta ten unha memoria fráxil.

* PREGUNTA DO SR. BARROS PUENTE, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE DIVISIÓN DISTRITAL QUE PREVÉ A LEI DE MEDIDAS PARA A MODERNIZACIÓN DO GOBERNO LOCAL.

SR. BARROS PUENTE: Sra. Alcaldesa, as fatigas e responsabilidades do Goberno comportan ás veces estas servidumes. Estamos interesados tamén en coñecer a súa opinión sobre a división distrital que prevé a Lei de medidas para modernización do goberno local. Posto que a Sra. Presidenta anunciou con data 22 de xaneiro que o Sr. concelleiro José Manuel Couto ía xestionar o distrito 6 e 7 con ámbitos de actuación que comprendían as zonas do Calvario, Teis, Lavadores, Candeán, Cabral e que tería a súa sede na unidade básica de actuación Rivera de Atienza, na rúa Martínez Garrido. Que D^a Soledad Polo dirixiría o distrito 4 con ámbitos de actuación Balaídos, Espedrigada, Coia e tería a súa sede provisional na UBA da rúa Salvaterra 9 baixo.

E que a súa vez don Carlos Comesaña ocuparíase dos distritos 5 e 8 con ámbitos de actuación Freixeiro, Castrelos, Sárdoma, Beade, Valladares, Zamáns e Matamá e estaría a súa sede na rúa Castro número 19.

É verdade que o artigo 128 da Lei de referencia establece que os Concellos deberán crear distritos con divisións territoriais propias, dotadas de órganos de xestión desconcentrados para impulsar e desenvolver a participación cidadá na xestión dos asuntos municipais e a súa mellora, sen prexuízo da unidade de goberno e xestións municipais.

Pero a continuación engade o apartado 2 do mesmo precepto que corresponderalle ó Pleno da Corporación a división do municipio en distritos, a regulación dos órganos que xestionarán intereses municipais neses distritos, a determinación das competencias destes órganos representativos e participativos en cada distrito, así como a aprobación da norma de carácter orgánico que determine a porcentaxe mínima de recursos orzamentarios da Corporación que haberán de se xestionar polos distritos no se conxunto.

Naturalmente comprenderá, Sra. Presidenta, que unha Lei que pretende axilizar e darlle facultades, facilidades ó órgano executivo para ser

eficaz no seu traballo comporte unha reacción tamén por parte deste Pleno que é o único órgano Colexiado que se vai alonxando cada vez máis dunhas posibilidades de control e de impulsión do labor do propio executivo.

Polo tanto quedaría este concelleiro e o seu grupo un pouco máis tranquilos se a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación puidese clarear se realmente hai acordos plenarios sobre os que poida basear as súas decisións a Alcaldía-Presidentencia, tanto polo que respecta á división distrital deste Concello, polo que afecta á regulación dos órganos de xestión, polo que compete ós órganos representativos e polo que fai referencia ás normas de carácter orgánico que prevexan os recursos orzamentarios que se van xestionar de xeito desconcentrado.

SRA. ALCALDESA: Como vostede ben sabe as competencias á hora de organizar un goberno son da propia Alcaldía e do propio grupo, por tanto nós podemos ter a día de hoxe concelleiros delegados nos barrios. Isto non quere dicir que a Lei de modernización precisamente contempla a posibilidade dunha desconcentración con partidas orzamentarias incluídas, pero iso estará suxeito á elaboración do propio regulamento que se terá que traer a este Pleno.

Na elaboración dese regulamento se está xa a traballar, hai grupo formado por técnicos e estou coordinando a concelleira Lucía Molares e isto expuxémolo na Xunta de Voceiros no seu día.

Unha vez teñamos elaborado ese regulamento, levarémolo a debater con todos os grupos para que precisamente sexa este Pleno quen por unanimidade o poida aprobar e a partir daí si que estaremos, como contempla a Lei, con esa desconcentración por parte dos concelleiros, cousa que non ten nada que ver con esa delegación de competencias que poden ter hoxe en día nos barrios.

* PERGUNTA DO SR. ARIAS MOREIRA, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE CREACIÓN DA SOCIEDADE VIGO 2005 ENTRE CONCELLO DE VIGO E ZONA FRANCA.

SR. ARIAS MOREIRA: O pasado día 13 de xaneiro o voceiro do Grupo Socialista, Sr. Pérez Mariño, remitiu a seguinte pregunta:

Estimada Alcaldesa, tendo aparecido en días pasado en medios de comunicación a noticia da creación da Sociedade Vigo 2005 entre o Concello

e Zona Franca, desexaría, no nome do Grupo Municipal Socialistas, que nos puxera de manifesto o acordado. En concreto coido que sería do máximo interese para toda a cidadanía e dende logo para esta Corporación, coñecer cal é a fórmula xurídica en concreto que se vai utilizar para esta sociedade, cal sería o obxecto da propia actividade, se tería algún tipo de ingresos.

SRA. ALCALDESA: Precisamente porque está en estudo esa fórmula xurídica non lle respostamos, pero en canto a teñamos, porque se está a elaborar neste intre, respostaráselle.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA SRA. PORTEIRO GARCIA, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SOBRE CUSTO DE CUADERNIÑO PUBLICADO POLA ALCALDIA CON DATA 21 DE DECEMBRO DE 2003.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Sra. Presidenta, quería facer referencia a unha pregunta moi concreta que tamén lle formulamos por escrito o pasado 12 de xaneiro. É en relación cun cuaderniño publicitario publicado por esa Alcaldía o 31 de decembro do pasado ano, sobre o que nos custaría coñecer o custo orixinado por esta publicidade política, a partida orzamentaria aplicada e os criterios que xustifican este gasto.

Tamén me gustaría pretender o clarexamento de algo que escoitamos ou miramos reflectido en medio de comunicación dicindo que isto era un compromiso do goberno anterior o que evidentemente non era. Por iso nos gustaría clarexar esta cuestión se é tan amable que nos poda respostar.

SR. FIGUEROA VILA: O que é grave é que un goberno non teña coñecemento do que ten contratado. A empresa Anónimo Publicidade tiña un contrato anual por unha cantidade de cartos e sobraaba unha cifra, igual que con outros medios de comunicación. O único que se fixo foi que o que un goberno anterior adxudicou ata o 31 de decembro, levalo a cabo por esa cantidade. Este goberno non tomou ningunha decisión con respecto a ese cuaderno, senón que había unha cantidade de cartos sobrantes da adxudicación dun contrato anterior que quedaba pendente.

É certo que a decisión do traballo que se fixo, fíxoa este goberno pero a cantidade estaba pendente dunha adxudicación dun goberno anterior polo

tanto repase os seus datos e pidan a información económica correspondente porque lla deron mal.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Non está respostada a pregunta, Sra. Presidenta.

SRA. ALCALDESA: Está respostada e como ben sabe non hai réplica.

* PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO SR. PÉREZ MARIÑO, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SOBRE O AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS DE BEIRAMAR.

SR. PEREZ MARIÑO: Quero formular unha nova pregunta que aínda non lla diriximos a vostede. Nos medios de comunicación saíu e vostedes aprobaron na Xunta de Goberno un acordo co caderno concesional que remitira a Xunta sobre o auditorio pazo de congresos de Beiramar-Vigo. Quería preguntarlle cales son as previsións sobre o seguinte: qué supón a desafectación que se vai levar a cabo pola Autoridade Portuaria ó problema das concesións que sobre os terreos ten o Concello de Vigo. Cando prevé o Concello de Vigo, se o sabe, que vai ser o custo que vai aportar a Xunta para a construción deste auditorio pazo de congresos. Canto é o custo que lle vai custar ó Concello e cal é a previsibilidade que ten. Qué actuacións van realizarse por entidades públicas e cantas van realizarse por entidades privadas. Qué calendario ten para a realización do auditorio pazo de congresos. Como a pregunta vai destinada á Sra. Alcaldes, que resposte ela porque non resposta o Goberno.

SRA. ALCALDESA: Podo dicirlle neste intre que lle podo respostar na próxima sesión, podía pasarllo, como vostede ben sabe e fixo hai uns poucos meses, ó voceiro do grupo Popular. Pero vou respostar eu e agora mesmo.

A desafectación precisamente supón que sexa posible ese auditorio. Se nós non acadamos unha desafectación, se seguirmos na tónica dos últimos meses, era inviable e non teríamos un pazo de congresos na cidade de Vigo porque é necesario que a iniciativa privada participe e se a iniciativa privada ten nada máis que un prazo de 30/35 anos de concesión, sería inviable o proxecto.

A iso era ó que estabamos destinados na cidade de Vigo: que non tivésemos un pazo de congresos de non tomar esta decisión de enviar unha carta ó Ministerio e á Autoridade Portuaria para pedir a súa desafectación.

O custo para a construción aínda non está feito porque agora entramos nun período de enviar ás distintas entidades e empresas a posibilidade de que participen.

O custo do Concello tería que saber, como todo o mundo aquí sabe, que o compromiso anterior que nós imos respectar é de 2.500 millóns de pesetas de aportación municipal.

O prazo para quitar o proxecto, tanto do derrubamento como o prazo para a construción, a Xunta de Galicia vai quitálo todo xunto para evitar dilatármonos máis no tempo, témolo estimado nuns seis meses.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO SR. RUIZ CENICEROS, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SOBRE POSIBLE CONSTRUCCIÓN DUN ESTADIO DE FÚTBOL EN VALLADARES.

SR. RUIZ CENICEROS: Ante repetidos anuncios da posible construción dun novo estadio de fútbol na parroquia de Valladares, con data 12 de xaneiro deste ano, o grupo municipal Socialista presentou unha pregunta por escrito na que lle instamos a que comunique a este Pleno os estudos de viabilidade urbanística e económica que ten ese proxecto, tendo en conta que tanto a posible ubicación dese novo estadio na parroquia de Valladares como a súa construción e a consecución deses terreos, requiren unha serie de actuacións por parte deste Concello que até o de agora non existen.

SR. FIGUEROA VILA: Estanse a realizar eses estudos porque o Partido Popular, igual que outros grupo políticos, consideran que para Vigo é prioritario un novo estadio, sexa onde sexa, cuestión que o Partido Socialista o único que fixo foi boicotealo.

O Partido Socialista buscou un enfrontamento da cidade co propio Celta e aí están as hemerotecas para miralo. Mentres gobernou o Partido Socialista durante seis anos houbo un boicot total e absoluto, non houbo ningunha iniciativa nin proposta concreta, senón dicir que non a todo.

O Partido Popular e o Goberno desta cidade o que están tentando é de buscar alternativas que se son as que hai enriba da mesa, pero se alguén presenta

algunha mellor tamén lla aceptamos. Por tanto animamos ó Partido Socialista a que presente algunha alternativa concreta, con estudo de viabilidade e que sexa posible levar a cabo nesta cidade. O Partido Popular xa a presentou, para ben ou para mal.

SR. RUIZ CENICEROS: Que conste en acta que tamén rogamos ó Goberno que resposte as preguntas. Se se pide que se mostren ou se comuniquen qué estudos, o único que ten que hacer é respostalas nada más.

SRA. ALCALDESA: As preguntas estanse respostando.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SRA. SÍO LOURIDO SOBRE TRASLADO DA ALCALDÍA E SALÓN DE PLENOS Ó EDIFICIO CAMBÓN NO CASCO VELLO.

SRA. SÍO LOURIDO: Quero preguntarlle sobre unha cuestión que os grupos municipais enterámonos polos medios de comunicación. Trátase da intención desa Alcaldía de se trasladar e se é posible o salón de Plenos ó edificio Cambón no casco vello. Seguramente que todos estamos de acordo en que hai que dinamizar, recuperar e potenciar a nosa zona máis antiga da cidade, pero vostede repetiu en diversas ocasións a súa boa disposición para consensuar todas as decisións que afecten a este Concello cos outros grupos municipais.

No traslado destas dependencias nós cremos que todos os grupos da Corporación temos algo que dicir, é algo que se ten que facer por consenso, non é patrimonio exclusivo dun grupo municipal e é de todos os cidadáns onde se pon a súa Alcaldía e por suposto de todos os grupos que formamos a Corporación.

A miña pregunta é moi sinxela: cando vai facer vostede unha proposta oficial a todos os grupos municipais, que cremos que temos algo que dicir e que en principio non nos parece mal a súa proposta, na que nos expoña en qué termos e condicións vaise realizar ese traslado, se é cesión, donación, orzamento etc. Que nos informe sobre a súa proposta e o proxecto que ten por que é un tema que tamén afecta ó futuro da Corporación e que require unha serie de criterios para a mellora organizativa.

SRA. ALCALDESA: Creo que sempre demos mostras e estamos a dalas que sempre estaremos abertos ó consenso e o diálogo, é fundamental e necesario, pero as prioridades á hora de poñer en marcha os proxectos, como é o de recuperación do casco histórico, quero lembrar que as establece o propio Goberno.

Lémbrolle que no Goberno da anterior legislatura tamén había un protocolo de colaboración para a recuperación do casco histórico que asinou o Sr. Pérez Castrillo coa Zona Franca e máis a Xunta de Galicia. Nós precisamente o que queremos é recuperar e ampliar ese proxecto e queremos impulsar, dando exemplo coa presenza da propia Alcaldía nun edificio que puidemos recuperar para algo tan importante como é esta institución e cando estea elaborado ese proxecto que se está a facer, porque isto foi hai moi poucos días, presentarémolo a todos os grupos.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Nun Pleno anterior quedou pendente de traer ó seguinte Pleno a representación de concelleiros e concelleiras para a constitución do Consello Municipal da Muller. Non se fixo e pregaríalle que o teña en conta para que a maior brevidade se poida constituir este órgano fundamental para o traballo da concellería da Muller.

SRA. ALCALDESA: Terase en conta.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.